

The page features a decorative graphic consisting of three overlapping blue circles of varying sizes, arranged vertically. Two thin blue lines intersect at the top left and extend diagonally across the page, framing the circles and text.

PROGRAMACIÓN 1º CICLO 2º CURSO B

Titora : Elena Nieto Vilouta

**C.P.I. CERNADAS DE
CASTRO
CURSO 2014-2015**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	6
1.1- REFERENCIA AO PEC E MARCO NORMATIVO.....	6
1.2- CONTEXTUALIZACIÓN.....	7
OBXECTIVOS.....	8
2.1- Área de Matemáticas.....	8
2.2- Área de Lingua Galega.....	8
2.3- Área de Lingua Castelá.....	9
2.4- Área de Coñecemento do Medio.....	9
2.5- Área de Educación Artística.....	10
2.5.1- Plástica (sección bilingüe).....	10
2.5.2- Educación Musical.....	12
2.6- Área de Educación Física.....	13
2.7- Lingua Estranxeira.....	14
2.8- Relixión Católica.....	15
CONTIDOS.....	16
3.1- Área de Matemáticas.....	16
3.2- Área das Linguas.....	18
3.3- Área de Coñecemento do medio.....	22
3.4- Área de Educación Artística.....	27
3.4.1- Plástica (sección bilingüe).....	27
3.4.2- Educación Musical.....	27
3.5- Área de Educación Física.....	29
3.6- Lingua Estranxeira.....	31
3.7- Educación Católica.....	33
CRITERIOS DE AVALIACIÓN CON REFERENCIA ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS	34
4.1- Area de Matemáticas.....	35
4.2- Áreas das Linguas.....	35
4.3- Área de Coñecemento do medio.....	36
4.4- Área de Educación Artística.....	37
4.4.1- Plástica (sección bilingüe).....	37
4.4.2- Educación Musical.....	37
4.5- Área de Educación Física.....	39
4.6- Lingua Estranxeira. Inglés.....	44
4.7- Relixión Católica.....	46
MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	48

5.1- Área das Matemáticas	48
5.2- Área das Linguas	49
5.3- Educación Musical	50
5.4. educación plástica (Bilingüe)	50
5.5- Área de Educación Física	51
5.6.- Lingua Estranxeira. Inglés	54
5.7- Relixión Católica	54
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	57
6.1- Área de Educación Física	57
6.2- Educación Musical	58
6.3. Educación plástica	59
6.4- Lingua Estranxeira. Inglés	59
6.5- Relixión católica	60
DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL	61
7.1- Área de Educación Musical	61
7.2- Área de Educación Física	62
7.2- Lingua Estranxeira. Inglés	62
7.4- Relixión Católica	64
7.5. Educación plástica	64
8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	65
8.1- Educación Musical	65
8.2- Educación Física	66
8.3- Lingua Estranxeira. Inglés	68
8.4- Relixión Católica	68
8.5. Educación plástica	69
9. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN	69
9.1- Educación Musical	70
9.2- Lingua Estranxeira. Inglés	70
9.3. Educación física	75
9.4. Educaión plástica	75
10. METODOLOXÍA DIDÁCTICA. COMPETENCIAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR	76
10.1- Educación Musical	77
10.2- Área de Educación Física	78
10.3- Lingua Estranxeira. Inglés	80
10.4- Relixión Católica	81

1.5. Educaión plástica.....	82
11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	84
11.1- Educación Musical.....	85
11.2- Área de Educación Física	86
11.3- Lingua Estranxeira. Inglés	87
11.4- Relixión Católica	87
11.5. Educación plástica	88
12.ADAPTACIÓNS CURRICULARES.....	88
13. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES	89
13.1- Área de Educación Física	90
13.2- Lingua Estranxeira. Inglés	91
3.3. Educación plástica	93
14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....	93
14.1- Educación Musical.....	96
14.2- Área de Educación Física	97
14.3- lingua Extranxeira. Inglés.....	99
14.4- Relixión Católica	102
14.5. Educación plástica	103
15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	104
15.1- Educación Musical.....	105
15.2- Área de Educación Física	106
15.3- Lingua Estranxeira. Inglés	107
15.4- Relixión Católica	107
15.5. Educacón plástica	108
16.ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	109
16.1- Área de Educación Física	109
16.2- Lingua Estaranxeira. Inglés	109
17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	110
17.1- Lingua Estranxeira. Inglés	110
17.2. Educación física	111
18. MATERIAIS E RECURSOS DIDÀCTICOS INCLUÍNDO OS LIBROS DE TEXTO ...	111
18.1- Educación Musical.....	113
18.2- Área de Educación Física	113
18.3- Lingua Estranxeira. Inglés	114
18.4- Relixión Católica	114
18.5. Educación Plastica	115
19ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	115

19.1- Educación Musical.....	116
19.2- Área de Educación Física	116
19.3- Lingua Estranxeira. Inglés	117
PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN	117
20.1- Área de Educación Física	118
20.2- Lingua Estranxeira. Inglés	119
DIRECTRICES DA CCP QUE SE TEÑEN EN CONTA NESTA PROGRAMACIÓN	120
21.1- Lingua Estranxeira. Inglés	121
MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR	121
22.1- Lingua Estranxeira. Inglés	122
CUMPRIMENTO CO ESTABLECIDO NO CURRÍCULO DO CICLO	123
ANEXOS	124
2.- PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS DE 2ºB	125
3- PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS DE EDUCACIÓN PLÁSTICA (SECCIÓN BILINGÜE)	317
II. Composicións plásticas	318
III. O debuxo como linguaxe plástica	318
IV. <i>Apreciación de distintas manifestaciones artísticas</i>	318
V. Técnicas e materiais	318
II. Composicións plásticas	320
III. O debuxo como linguaxe plástica	320
IV. <i>Apreciación de distintas manifestaciones artísticas</i>	320
V. Técnicas e materiais	321
II. Composicións plásticas	322
III. El dibujo como lenguaje plástico	323
4- PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS DE EDUCACIÓN MUSICAL	324
5.- PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS DE EDUCACIÓN FÍSICA	342
6.- PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS DE LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS	367
7.- PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS DE RELIXIÓN CATÓLICA	421

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1- REFERENCIA AO PEC E MARCO NORMATIVO

Esta programación está deseñada para o alumnado do primeiro ciclo de Educación Primaria, concretamente o segundo nivel do mesmo. Isto implica que traballaremos coa lexislación vixente para dito ciclo. Polo tanto, a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación (LOE) será a principal referencia legislativa na que nos basearemos. Así, por exemplo, seguimos empregando o Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, documento creado pola LOXSE.

No ámbito curricular, os contidos que se imparten na etapa de educación primaria veñen regulados a nivel estatal polo Real Decreto 1513/2006 do 7 de decembro polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria que posteriormente cada comunidade autónoma desenvolverá nun decreto de currículo autonómico. No caso de Galicia é o Decreto 130/2007 do 28 de xuño polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- ✚ Serán tamén de gran importancia aqueles documentos que foron xurdindo como ampliación dos aspectos tratados na LOE. Un destes documentos é a Orde do 23 de novembro do 2007 pola que se regula a avaliación da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, á hora de establecer a avaliación nesta etapa educativa e o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. De igual xeito, e se fose preciso, teremos referencia á toda aquela normativa que rexe a atención ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo, destacando a Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral ou a Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.

Por tanto, o deseño desta programación ten como referencia dita lexislación e outra traballada a o longo da programación.

1.2- CONTEXTUALIZACIÓN

O CPI Cernadas de Castro é un centro de carácter público, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

O noso centro está situado nun entorno rural, no que se fala maioritariamente o galego, pero sen embargo o alumnado (procedente tamén doutro concello limítrofe) repártese no uso das dúas linguas oficiais.

O contacto coas familias do noso alumnado mantense con relativa frecuencia ao longo do curso, co obxectivo de que o desenvolvemento académico e persoal dos nenos-as sexa o máis satisfactorio posible.

- Profesorado que imparte docencia no ciclo:

PROFESORADO DO 1º CICLO de E.P.	ÁMBITO QUE ABRANGUE
Silvia Blanco Barreiro	Titora 2º A
Elena Nieto Vilouta	Titora 2º B
María Belén Abraldes Castro	Ed. Plástica Bilingüe
Mª Jesús Vázquez Posse	Especialista Ed. Física 2ºA
Cristina Sanvicente Romero	E. Física 2º B
Ana Seoane Salgado	Especialista Música
María Balbina Louro García	Especialista Rel. Católica

Ruth Fernandez Gradaille	Especialista en Aud. e Linguaxe
Marta Pedreira Currás	Especialista en Pedag. Terapéutica
Almudena M ^a Blanco Areas	Especialista en Inglés

OBXECTIVOS

2.1- ÁREA DE MATEMÁTICAS

- Interpretar a función dos números cando aparecen nun contexto real e usalos axeitadamente.
- Realizar operación matemáticas básicas (suma, resta e multiplicación).
- Aplicar operación matemáticas básicas á resolución de problemas da vida cotiá.
- Empregar estratexias de cálculo mental e estimacións aplicadas á realidade do alumnado.
- Identificar formas xeométricas básicas no contorno natural e cultural.
- Empregar técnicas elementais de recollida de datos, representalas de xeito gráfico e numérico e interpretar dita información.
- Utilizar de forma axeitada as TIC aplicadas ás matemáticas.

2.2- ÁREA DE LINGUA GALEGA

- Comprender mensaxes orais en contextos próximos ao alumnado, presentado en diferentes soportes.
- Utilizar a lingua oral de xeito adecuado, expresando vivencias e sentimentos e usando fórmulas de convivencia social.

-
- Comprender diferentes tipos de textos adecuados á idade do alumnado e cercanos aos seus intereses.
 - Usar a lingua escrita con fins comunicativos atendendo a regras ortográficas básicas, de forma organizada e coherente.
 - Utilizar medios de comunicación social e as TIC para obter diferentes informacións.
 - Utilizar a lectura como fonte de pracer e facer un uso axeitado da biblioteca.
 - Recoñecer a lingua galega como lingua propia.

2.3- ÁREA DE LINGUA CASTELÁ

- Comprender mensaxes orais en contextos próximos ao alumnado, presentado en diferentes soportes.
- Utilizar a lingua oral de xeito adecuado, expresando vivencias e sentimentos e usando fórmulas de convivencia social.
- Comprender diferentes tipos de textos adecuados á idade do alumnado e cercanos aos seus intereses.
- Usar a lingua escrita con fins comunicativos atendendo a regras ortográficas básicas, de forma organizada e coherente.
- Utilizar medios de comunicación social e as TIC para obter diferentes informacións.
- Utilizar a lectura como fonte de pracer e facer un uso axeitado da biblioteca.

2.4- ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO

- Adquirir hábitos de saúde e coidado persoal, amosando una actitude de respecto polas diferencias individuais.

-
- Identificar as características máis relevantes do contorno natural, social e cultural próximo ao alumnado.
 - Recoñecer a existencia de identidades sociais e culturais diversas, tomando conciencia da súa pertenza a alguna delas (familia, escola, costumes...) e respectando as outras.
 - Recoñecer e clasificar de forma elemental os seres vivos e os seus recursos fundamentais para a vida (auga, aire, alimentos...).
 - Identificar e valorar a intervención humana e o seu impacto no medio natural, así coma adoptar un compromiso activo na defensa e conservación do medio natural.
 - Recoñecer os cambios e transformacións relacionados co paso do tempo.
 - Observar e distinguir diferencias na composición dalgúns materiais.
 - Coñecer o funcionamento de aparellos, identificando algún dos seus elementos constitutivos e as formas de enerxía necesarias para o mesmo.
 - Utilizar de xeito funcional as TIC en relación coa área de coñecemento.

2.5- ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

2.5.1- PLÁSTICA (SECCIÓN BILINGÜE)

OBXECTIVOS ARTÍSTICOS

- 1.- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- 2.- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

-
- 3.- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
 - 4.- Traballar estruturas lingüísticas aprendidas na clase de inglés para que o alumnado poida aplicar os coñecementos adquiridos na clase de plástica.
 - 5.- Utilizar a lingua inglesa nas distintas situacións comunicativas que se dean na aula: pedir material, comentar as producións artísticas propias e dos compañeiros/as, solicitar información, usar vocabulario básico relacionado coa materia de plástica (cores, tesouras, pegamento...).
 - 6.- Relacionar a plástica con outras materias do currículo(Matemáticas, Coñecemento do medio, Linguas...).
 - 7.- Expresar ideas e sentimentos de cada quen mediante a elaboración de obras creativas.
 - 8.- Confiar nas propias realizacións artísticas e gozar co proceso creativo.
 - 9.- Explorar e utilizar materiais plásticos e técnicas diferentes.
 - 10.- Desenvolver a sensibilidade e o gusto por todo o artístico e creativo.
 - 11.- Realizar producións artísticas colectivas, cooperando na elaboración dun único produto final e valorando as aportacións dos demais.

OBXECTIVOS LINGÜÍSTICOS

- 1.- Mellorar a fluidez na fala e a comprensión, o falarlles ó profesor e a outros alumnos sobre sí mesmos, a súa casa, a súa familia...
- 2.- Facer que apliquen os seus coñecementos de inglés e aprendan máis repasando e practicando o vocabulario sobre distintos temas (xeometría, formas, cores, animais...)
- 3.- Practicar a expresión dos sentimentos e ideas sobre o mundo que lles rodea, empregando palabras para expresar opinións e preferencias.
- 4.- Ler instrucións e practicar dándoas e recibíndoas.

5.- Decir palabras relacionadas coas formas artísticas e os distintos materiais.

6.- Desenvolver distintas habilidades organizativas, representativas e investigadoras.

2.5.2- EDUCACIÓN MUSICAL

- Explorar a capacidade de expresión e percepción de emocións e sentimentos a través de obras musicais.

- Indagar nas posibilidades do son (percusión corporal, voz, instrumentos e obxectos cotiáns) e do movemento como elementos de comunicación.

- Percibir a diferenza entre son e silencio, valorando a importancia que ten o último.

- Diferenciar claramente entre voces masculinas, femininas e infantís.

- Explorar os parámetros do son (altura, intensidade, duración e timbre) e percibir a diferenza entre eles.

- Recoñecer os distintos instrumentos de percusión visual e auditivamente, para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.

- Recoñecer as tres grandes familias instrumentais visual e auditivamente.

- Asociar as representacións gráficas convencionais da negra, da corchea, da branca e do silencio de negra, co son que producen.

- Coñecer a escala musical (notas musicais) en orde ascendente e iniciarse na orde descendente.

- Recoñecer o pentagrama e a clave de sol.

- Coñecer algunhas das profesións do ámbito musical.

- Explorar algunhas das posibilidades das novas tecnoloxías en que interveña o son, para observar así a diferenza entre os sons producidos polos instrumentos e os producidos polas TICs.

- Desfrutar das diferentes producións artísticas colectivamente, respectando por igual as creacións propias e as das outras persoas.

- Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, ben sexan con son ou movemento.

2.6- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA DO DECRETO 130/2007 DO 28 DE XUÑO.

1. Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades motrices, de relación coas demais persoas e como recurso para organizar o tempo de lecer.
2. Utilizar as propias capacidades motrices, habilidades e destrezas e o coñecemento que o alumnado posúe da estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.
3. Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento de xeito estético e creativo, comunicando sensacións, emocións, ideas e estados de ánimo.
4. Regular e dosificar o esforzo, asumindo un nivel de auto exixencia acorde coas posibilidades de cadaquén e coa natureza da tarefa que se está a realizar.
5. Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a si e cara ao resto das persoas e recoñecendo os efectos da actividade física, da hixiene corporal, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde e a calidade de vida.
6. Participar en actividades físico-deportivas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para acadar obxectivos comúns, resolvendo por medio do diálogo os conflitos que poidan xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.
7. Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, amosando unha actitude crítica, tanto desde a óptica de participante como desde a de público.

8. Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de xeito eficaz e autónomo na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico-expresivas.

9. Coñecer e practicar xogos, deportes e/ou bailes tradicionais propios da cultura galega, amosando interese pola indagación neste eido e pola súa difusión e valorando as repercusións que teñen na nosa sociedade.

2.7- LINGUA ESTRANXEIRA

- Adquirir a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Manifestar unha actitude receptiva e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.
- Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral como medio de comunicación entre persoas de culturas diversas.
- Fomentar actitudes positivas cara á lingua estranxeira e sobre a propia capacidade para aprender.
- Utilizar o visionado e a audición de contos para desenvolver as destrezas comunicativas e para fomentar o pracer e a seguridade á hora de aprender inglés.
- Proporcionar un punto motivador aos nenos e nenas que aprenden inglés por vez primeira ou que fixeron xa un curso inicial.
- Desenvolver interese polo aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
- Empregar procedementos verbais e non verbais para comunicarse en situacións concretas.
- Introducir ao alumnado de forma gradual na lectura e escritura en inglés, fomentando a alfabetización visual, o recoñecemento de vocabulario clave e as primeiras destrezas de escritura.
- Ler e obter información xeral e específica de textos breves e sinxelos.
- Animar ao alumnado a ser activamente “construtivo” na súa aprendizaxe.
- Elaborar textos escritos sinxelos, comprensibles e breves.
- Contribuir ao desenvolvemento dos nenos e nenas (físico, social, emocional, psicolóxico, cognitivo).

-
- Identificar e reproducir de forma intelixible e significativa aspectos da “entoación”, o ritmo, a pronunciación e a acentuación.
 - Apreciar o valor da lingua estranxeira como medio de comunicación, amosando curiosidade e respecto cara os seus falantes e a súa cultura.
 - Utilizar as tecnoloxías de información e a comunicación para desenvolver e reforzar a aprendizaxe.

2.8- RELIXIÓN CATÓLICA

- Valorar e aplicar na vida persoal e social os bos comportamentos sociais e relixiosos como xestos que favorecen o encontro entre as persoas con Deus.
- Valorar e relacionar algúns feitos e personaxes da Historia da Salvación e a relación con feitos e personaxes da actualidade.
- Observar e interiorizar a beleza da natureza e a orixinalidade do ser humano como creación de Deus que deben respectar e coidar as persoas na súa vida diaria.
- Coñecer e aplicar os comportamentos e aptitudes necesarias para relacionarse persoalmente cos demais como facía Xesús.
- Descubrir na vida diaria das persoas o amor e o desexo por axudar os demais,
- Aplicar os xestos relixiosos na procura dunha mellor convivencia na escola e na vida familiar e social.
- Recoñecer e practicar na vida diaria os valores do amor de Deus, a verdade e a bondade que Xesús ensina.
- Descubrir que o amor a Deus se debe manifestar no amor ós demais.
- Identificar a Xesucristo como o modelo que seguen os cristiáns para practicar o ben e a verdade na vida persoal e social.
- Descubrir a Biblia como a Palavra de Deus e o libro sagrado dos cristiáns.
- Coñecer e relacionar a revelación de Deus na Biblia como Pai, Creador e amoroso con situacións cotiáns e coas persoas máis próximas.
- Coñecer que é a oración.
- Coñecer a Xesús como o fundador da Igrexa.
- Identificar e apreciar as características de María.
- Comprender o significado cristián da celebración das festas máis importantes sobre a Virxe María para saber participar nelas de forma cívica e relixiosa.

- Comprender o significado cristián, festivo e cultural do Nadal como celebración do ano litúrxico.
- Analizar e reflexionar sobre os principais acontecementos que se celebran durante a Semana Santa para aplicalos a situacións cotiáns.
- Descubrir o significado de os principais acontecementos da paixón, morte e resurrección de Xesucristo e a mensaxe cristiá que revelan para todos os tempos.
- Comprender o significado festivo e celebrativo das festas cristiáns e diferenciarlas das festas civís e sociais da contorna.
- Descubrir e comparar algúns símbolos, xestos e obxectos da natureza empregados nas celebracións cristiáns e nas relixións monoteístas .
- Comprender e apreciar os principais xestos que utilizan os cristiáns para relacionarse con Deus e expresarlle o seu amor.
- Identificar e valorar os mandamentos como expresións do amor de Deus e normas que axudan a mellorar a relación con Deus e a convivencia cos demais.
- Comprender e respectar as festas e celebracións relixiosas.
- Descubrir como a relixión se manifesta a través da arte .
- Coñecer e vivenciar a música relixiosa como expresión da fe.

CONTIDOS

3.1- ÁREA DE MATEMÁTICAS

Bloque: Espazos e formas

- Utilización de vocabulario topolóxico (esquerda-dereita, diante detrás, arriba-abaxo)
- Descrición de posicións e movementos
- Interpretación e descrición verbal de itinerarios
- Xeometría básica (liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas e cubos)
- Construción de figuras xeométricas sinxelas

Bloque: Cantidades

-
- Recoñecemento dos usos dos números para solucionar problemas
 - Reconto comparación, ordenación e expresión
 - Representación, lectura, escritura e descomposición de números
 - Recoñecemento e utilización de números ordinais para resolver problemas da vida cotiá
 - Comparación de números
 - Resolución de problemas da vida cotiá a través da aplicación da suma e da resta
 - Uso do erro como mecanismo de mellora
 - Emprego da suma para xuntar e engadir e da resta para separar ou quitar
 - Utilización de estratexias persoais para a resolución de problemas
 - Familiarización co uso da calculadora
 - Aplicación da multiplicación e contextos cotiáns
 - Construción de táboas de multiplicar
 - Interese pola presentación clara e ordeada
 - Comparación de obxectos segundo a lonxitude
 - Medición con instrumentos e estratexias non convencionais
 - Introdución a medida do tempo

Bloque: Tratamento da información e azar.

- Lectura e interpretación de información matemática nunha gráfica sinxela
- Utilización de técnicas elementais para a recollida e ordenación de información
- Resolución de problemas onde interveñan a lectura de gráficas
- Distinción entre seguro posible, imposible
- Participación e colaboración no traballo en equipo

Ditos bloques de contidos traballaranse a través das seguintes unidades:

Unidade 1: A festa

Unidade 2: Na praia

Unidade 3: No bosque

Unidade 4: Na granxa

Unidade 5: ¿Que animais ves?

Unidade 6: Plantas para o viveiro

Unidade 7: ¿Qué camiño seguirá?

Unidade 8: Limpando o campo

Unidade 9: Un día de pesca

Unidade 10: Mirando as estrelas

Unidade 11: En tres colexios

Unidade 12: Vamos o laberinto

Unidade 13: ¡Cantas maquetas!

Unidade 14: Coches a carreira

Unidade 15: ¡Fin de curso!

3.2- ÁREA DAS LINGUAS

Bloque 1: escoitar e falar:

-
- Participación en situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto ás opinións das demais persoas).
 - Uso de fórmulas adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
 - Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio e da televisión para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil.
 - Comprensión e produción de textos orais cotiáns (breves exposicións ante a clase, conversas sobre temáticas variadas...).
 - Comprensión de informacións audiovisuais procedentes de diferentes soportes.
 - Escoita de textos procedentes da literatura oral.
 - Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, pronuncia e entoación adecuados.
 - Dramatización de situacións presentadas en textos literarios.
 - Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
 - Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
 - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero e ás razas.

Bloque 2: Ler e escribir:

- Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián, como invitacións, felicitacións ou avisos.
- Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente noticias.
- Localización de informacións en textos vinculados á experiencia cotiá (folletos...).

-
- Producción de textos relativos a situacións cotiáns infantís, como invitacións, felicitacións ou avisos.
 - Composición de textos propios dos medios de comunicación social tendo en contas os seus elementos (novas, titulares, pés de fotos...).
 - Composición de textos relacionados coa escola para obter e comunicar información (cuestionarios, listaxes, descricións).
 - Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á autonomía lectora.
 - Valoración da autonomía lectora e do interese pola comunicación das preferencias persoais, e apreciación do texto literario como recurso de desfrute persoal.
 - Recreación de textos narrativos (contos) e de carácter poético (adiviñas, refráns, trabalinguas...).
 - Adquisición progresiva das convencións do código escrito.
 - Interese pola escritura como instrumento de relación e de aprendizaxe.
 - Interese pola presentación coidada e polo uso de normas ortográficas en textos escritos.
 - Introducción ao uso das bibliotecas do centro e da aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e para o coñecemento.
 - Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias.
 - Asimilación de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes textuais.

Bloque 3: Reflexionar sobre a lingua:

- Identificación dos contextos nos cales a comunicación se produce mediante textos escritos e valoración da escritura.
- Observación das diferenzas entre a lingua oral e a escrita.
- Recoñecemento da relación entre son e grafía.
- Identificación da palabra como instrumento básico para a escritura.
- Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.
- Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.

Ditos bloques de contidos traballaranse dentro das linguas castelá e galega a través das seguintes unidades:

LINGUA GALEGA 2º

Unidade 1: A vaca esquiadora.

Unidade2: O país das larpeiradas.

Unidade3: Rabela.

Unidade4: Por que os elefantes teñen trompa.

Unidade5: A ostra que perdeu a súa perla.

Unidade6: Porque as rosas teñenmoita vida.

Unidade9: Mariña e Ouri.

Unidade10: Quen espertou a Marcos.

Unidade11: A vila que esqueceu os contos.

Unidade12: Doutor de Souto.

Unidade13: Máquinas

Unidade14: Un problema moi peludo.

Unidade15.Sorpresa en Catoira.

LINGUA CASTELÁ 2º

unidade 1. Kilómetros de cuello

unidade 2. Sopa de clavo.

Unidade 3. Pablo e o dente.

Unidade 4. A pelexa.

Unidade 5. Calixto e o Belén.

Unidade 6. A fábrica de ouro.

Unidade 7. O pequeno heroe.

Unidade 8. O engano do raposo.

Unidade 9. A ferradura.

Unidade 10. Yamil e a lúa.

Unidade 11. !Chist !.

Unidade 12. A cigarra e o topo.

Unidade 13. Os robots.

Unidade 14. O anel do rei.

Unidade 15. As palabras.

3.3- ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO

Os contidos da área de coñecemento do medio estrutúranse en seis bloques.

Os contidos que se van traballar en relación con cada área son:

Bloque1: O ser humano e a saúde.

- Partes do Corpo.
- Ósos, músculos e articulacións.
- Os órganos dos sentidos.
- Os alimentos. Tipos.

-
- Normas de hixiene e aseo persoal.
 - O vestido e as súas diferentes funcións.
 - Os alimentos: dieta equilibrada, orixe e conservación.
 - Exploración do seu corpo e os seus cambios.
 - Utilización dos sentidos para a identificación de obxectos e situacións.
 - Aplicación de hábitos e normas de convivencia.
 - Respecto pola diversidade humana.
 - Aceptación das propias posibilidades.
 - Adquisición de hábitos de vida saudables como fonte de benestar.

Bloque 2: As plantas e os animais.

- Os animais e as prantas son seres vivos.
- Animais vertebrados e invertebrados.
- Mamíferos, aves, reptiles, anfibios, peixes e insectos.
- Observación e obtención de información a partir de ilustracións.
- Fomento do coidado e respecto por animais e prantas.
- Clasificación de animais e prantas.
- Partes das prantas.
- Necesidades das prantas.
- Reproducción das prantas.
- Decripción das fases do ciclo da vida dunha pranta.

Bloque 3: A vida en sociedade.

- A familia, a casa, o colexio, o grupo de iguais...
- As profesións.
- A localidade: a rúa e os seus elementos, os medios de comunicación e transporte, a educación viaria e o tempo de ocio e descanso.
- Aparellos, máquinas, inventos e outros tipos de útiles de traballo.
- Recollida e ordenación de datos sobre aspectos da vida cotiá.
- Identificación e clasificación de actividades humanas no aspecto laboral.
- Utilización de ferramentas e máquinas apropiadas para o ámbito laboral.
- Adquisición de hábitos de boa educación con diversas finalidades (lúdicas, laborais...).
- Valoración do propio traballo e do alleo.
- Respecto polos servizos públicos e polo patrimonio cultural.

Bloque 4: O medio físico: espazo e materiais.

- A auga: lugares onde aparece, o seu ciclo, os seus estados...
- Fomentar o aforro de auga e coñecer como se contamina.
- Observación do medio natural e as diferencias que presenta (paisaxe de costa e de montaña).
- A paisaxe e tipos.
- O sol e a terra.
- As estacións e meses do ano.
- Os fenómenos atmosféricos.

-
- Exploración do medio natural que o rodea e elaboración de debuxos sobre situacións que se producen neste medio.
 - Respecto polo medio e coidado do mesmo.
 - Adquisición de hábitos de respecto, goce e protección do medio natural.
 - Coñecemento específico dos elementos que compoñen o medio natural da comunidade.
 - Valorar as diferentes paisaxes no contorno próximo a Galicia.
 - Protección do medio ambiente.
 - Orientación a partir de puntos cardinais: norte, sur, este e oeste.
 - Lectura e interpretación de mapas.
 - Interpretación de sinais de tráfico.
 - As cidades e os pobos.

Bloque 5: O paso do tempo.

- Nocións básicas do tempo: antes- despois, duración.
- Unidades de medida do tempo: día, mes, ano...
- Observación de como o paso do tempo fai que cambien as persoas e as cousas.
- Recoñecemento das diferentes etapas da vida.
- Elaboración de árbores xenealóxicas.
- Investigación sobre outros tempos.
- Observación dos cambios sociais e hábitos q se dan ó longo do ano.
- A vida na época das covas, dos romanos, dos castelos e dos inventos.

Bloque 6: Máquinas, aparellos e tecnoloxías.

- As máquinas.
- Os inventos.
- O ordenador.
- Curiosidade por coñecer o funcionamento de algunhas máquinas.
- Interés por coñecer o funcionamento do ordenador e Internet.
- Coidado e limpeza na realización de construcións.
- Manexo de aparellos sinxelos: teléfono, televisor...

As unidades didácticas que se van utilizar para impartir estes contidos son:

- Unidade 1: O noso corpo.
- Unidade 2: A alimentación.
- Unidade 3: A saúde.
- Unidade 4: Os mamíferos e as aves.
- Unidade 5: Outros animais.
- Unidade 6: As prantas.
- Unidade 7: A auga e o aire.
- Unidade 8: Protexemos a natureza.
- Unidade 9: As paisaxes.
- Unidade 10: O sol, a terra e a lúa.
- Unidade 11: A localidade.
- Unidade 12: Os traballos.
- Unidade 13: As máquinas e os inventos.
- Unidade 14: O tempo pasa.
- Unidade 15: A miña comunidade.

3.4- ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

3.4.1- PLÁSTICA (SECCIÓN BILINGÜE)

Unidade 1: Miró

- Reproducción de obras de Miró.
- Recoñecemento das cores de Miró: vermello, azul, negro, verde e amarelo.
- Formas: círculo, cadrado, triángulo.
- Liñas abertas e pechadas.
- Atributos das formas: grande, pequeno, cor...

Unidade 2: Klimt

- Reproducción de obras de Klimt.
- Valoración da figura da Muller.
- Elaboración de debuxos utilizando a técnica do collage e do mosaico.
- Utilización das cores de Klimt: dourado, prateado, negro...

Unidade 3: Kandinsky

- Reproducción de obras de Kandinsky.
- Composición de collages.
- Asimilación de conceptos matemáticos.
- Utilización de obxectos da vida cotiá para pintar.

3.4.2- EDUCACIÓN MUSICAL

A) BLOQUE 1: ESCOITA.

- **Percepción da diferenza entre son, silencio e ruído e das distintas calidades do son.**
- **Escoita, exploración e discriminación dos sons presentes no contorno natural, cultural e artístico: elementos do contorno que producen sons e sons que se poden producir co propio corpo.**

-
- **Reacción espontánea ou dirixida a estímulos sonoros.**

 - **Interese e curiosidade pola escoita activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais.**

 - **Uso de diferentes recursos para o seguimento dunha obra musical: corporais, plásticos, musicogramas...**

 - **Iniciación ao recoñecemento visual e auditivo dalgúns instrumentos musicais da familia da percusión, así como das voces masculinas, femininas e infantís, en audicións musicais.**

 - **Identificación de esquemas rítmicos sinxelos e interese polo esforzo na súa repetición utilizando diferentes medios (percusión corporal, voz, instrumentos de percusión...).**

 - **Asociación intuitiva dos sons a unha representación gráfica mediante símbolos non convencionais nun principio, tentando pouco a pouco introducir os símbolos convencionais.**

 - **Interese por coñecer e interpretar pequenas pezas de música e de danza do patrimonio galego, así como por ensinárllelas outras persoas e por aprender as que outras persoas coñecen.**

 - **Expresión oral de emocións e sentimentos que esperta unha audición.**

 - **Recoñecemento das normas de comportamento en audicións e noutras actividades musicais.**

B) BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN MUSICAL.

- **Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, do corpo e dos obxectos do contorno.**

- **Interpretación e memorización de cancións ao unísono, con e sen acompañamento rítmico.**

-
- Utilización progresiva da voz, da percusión corporal e dos instrumentos de percusión como recursos para o acompañamento de cancións e danzas sinxelas.
 - Realización de movementos, de xogos motores e de danzas sinxelas, acompañados de secuencias sonoras ou de cancións, tentando desenvolver a coordinación tanto individual como colectiva.
 - Incorporación e utilización progresiva de grafías non convencionais (puntos, liñas...) na lectura e interpretación de partituras sinxelas, para máis tarde comezar a introducir e traballar coas grafías convencionais.
 - Introducción das notas musicais, o pentagrama e a clave de sol e a súa progresiva utilización, para comezar a ler e interpretar partituras sinxelas.
 - Utilización de obxectos de uso cotián como instrumentos, e disfrute co seu uso nas diferentes producións.
 - Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sinxelos (pregunta/resposta).
 - Improvisación de movementos como resposta a diferentes estímulos sonoros.
 - Sonorización de situacións, relatos breves... empregando sons vocais, obxectos e instrumentos.
 - Confianza e seguridade progresivas nas propias posibilidades de produción musical.
 - Valoración da atención, da escoita e do respecto nas interpretacións propias e alleas.
 - Interese e respecto polas obras musicais e polas persoas que as compoñen.

3.5- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Bloque 1. O corpo: imaxe e percepción.

-
- Exploración do corpo, das sensacións e das propias posibilidades de movemento.
 - Concienciación do propio corpo en relación coa tensión, coa relaxación e coa respiración.
 - Experimentación de posturas corporais diferentes.
 - Realización de actividades encamiñadas á afirmación da lateralidade.
 - Experimentación de situacións de equilibrio e de desequilibrio.
 - Nocións asociadas a relacións espaciais e temporais: orientación espacial (diante, detrás, lonxe, preto...) e temporal (antes, despois...).
 - Aceptación da propia realidade corporal.
 - Interese por aumentar a autonomía.

Bloque 2. Habilidades motrices.

- Exploración das habilidades e das propias posibilidades de movemento.
- Experimentación de diferentes xeitos de execución e de control das habilidades motrices básicas.
- Resolución de problemas motores sinxelos.
- Realización de coordinacións globais diversas.
- Interese por coñecer as propias posibilidades de movemento e de acción.
- Disposición favorable a participar en actividades variadas, esforzándose e aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.

Bloque 3. Actividades físicas artístico-expresivas.

- Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento.
- Imitación de personaxes coñecidos e de situacións cotiás.
- Exteriorización de emocións e de sentimentos a través do corpo, do xesto e do movemento.
- Realización de representacións e de dramatizacións sinxelas con obxectos e con materiais.
- Sincronización do movemento con pulsacións e estruturas rítmicas sinxelas.

-
- Vivenciación de tarefas lúdico-motrices con base musical.
 - Participación desinhibida en situacións que supoñan comunicación corporal, recoñecendo as diferenzas no xeito de expresarse.
 - Desfrute mediante a expresión a través do propio corpo.

Bloque 4. Actividade física e saúde.

- Adquisición de hábitos básicos de hixiene corporal e práctica de tarefas encamiñadas á hixiene postural.
- Coñecemento de pautas de alimentación básicas en relación coa actividade física.
- Comprensión da relación da actividade física co benestar.
- Realización de actividades motrices orientadas á mellora da saúde.
- Adopción de medidas de seguridade na actividade física.
- Respecto das normas de uso de materiais e de espazos na práctica da actividade física.
- Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde.

Bloque 5. Xogos e deportes.

- Consideración do xogo como actividade común a todas as culturas.
- Comprensión e cumprimento das regras do xogo. * Realización de xogos libres e organizados.
- Coñecemento e práctica de xogos populares tradicionais galegos.
- Descubrimento das estratexias básicas de cooperación e de oposición en determinados xogos.
- Respecto ás persoas participantes no xogo, aceptando os diferentes papeis, valorando o esforzo e confiando nas propias posibilidades.
- Valoración do xogo como medio de desfrute e de relación coas demais persoas.

3.6- LINGUA ESTRANXEIRA

Bloque 1: escoitar e falar

- Comprensión e uso das expresións relacionadas cos hábitos e rutinas para a organización dos espazos, o uso de obxectos e materiais e o control do fluxo do tempo durante a xornada escolar (saúdo, despedida, presentación, expresión de estados de ánimo e outros), dándose conta das formas básicas de relación social en lingua inglesa.
- Escoita e comprensión de mensaxes sinxelas procedentes de diferentes soportes audiovisuais e informáticos.
- Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse.
- Escoita, repetición e memorización de rimas (raps ou chants), cancións e xogos conectados cos intereses das nenas e dos nenos empregando respostas verbais e non verbais.
- Participación con actitude de colaboración en xogos e dramatizacións que precisen de breves intervencións orais

Bloque 2: Ler e escribir

- Escritura e lectura de palabras e frases, coñecidas previamente en interaccións orais e lectura posterior para transmitir e compartir información, ou con intención lúdica.
- Iniciación á utilización de programas informáticos educativos para ler e escribir mensaxes sinxelas.
- Iniciación no uso de estratexias de lectura: uso do contexto visual e verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos dende as linguas que coñece.
- Interese pola corrección e presentación dos textos escritos.

Bloque 3: Reflexión sobre a lingua e consciencia intercultural.

- Recoñecemento e uso do léxico e expresións habituais nos ámbitos persoal e de relacións sociais, a partir dos coñecementos adquiridos nas interaccións reais ou simuladas na aula e dos coñecementos e experiencias adquiridos a través das linguas que coñece.
- Iniciación a algunhas diferenzas de sons e de ritmo respecto da primeira lingua

-
- Interese por utilizar a lingua estranxeira en situacións variadas.
 - Uso de habilidades e de procedementos (repetición, memorización, asociación de palabras e de expresións con elementos xestuais e visuais e observacións de modelos) para a adquisición de léxico e de estruturas elementais da lingua)
 - Familiarización co uso das estratexias básicas da produción de textos a partir dun modelo.
 - Iniciación ao emprego dun cartafol colectivo da aula onde se irán acumulando os traballos de cada neno e cada nena previamente acordados no grupo clase.

3.7- EDUCACIÓN CATÓLICA

- A creación do ser humano e do mundo, obra admirable de Deus e tarefa para o home.
- A natureza reflexo da grandeza de Deus
- Os comportamentos sociais e relixiosos achegan a Deus.
- Observar a natureza, descubrir as súas maravillas e coñecer algúns textos fundamentais sobre a Creación.
- A natureza un regalo que debemos coidar
- Os xestos cívicos e relixiosos como expresión da relación con Deus e cos demais.
- Deus ama ás persoas e quere a súa felicidade, amar os demais e amara a Deus.
- As Celebracións relixiosas
- Xesús ensina a mellorar a convivencia: Jesucristo camiño, verdade e vida.
- Xesús un exemplo de amor a diversidade.
- Xesús funda a Igrexa.
- A Igrexa: relixión , arte...
- Significado do templo e as imaxes.
- Símbolos sociais e relixiosos nas celebracións cristiás.
- Cantar diferentes composicións musicais de tipo relixioso.
- Observar manifestacións artísticas, folclóricas ou culturais de carácter relixioso.
- Comentar textos significativos sobre Jesús e a Virxe María.
- Iniciarse na lectura de textos craves que falan de Deus Pai.

-
- Iniciarse na lectura de textos que falan de Jesús e María.
 - Observar os costumes nas festas relixiosas (Nadal, Semana Santa, etc.).
 - Iniciarse na curiosidade por coñecer o sentido das festas relixiosas.
 - Aplicar os contidos en relación con comportamentos e situacións da vida persoal e social.
 - Desenvolver a confianza en Deus Pai.
 - Interese por respectar a Natureza e o propio corpo.
 - Admirar as maravillas da Creación.
 - Desenvolver a autoestima ao saber que Divos coñécenos personalmente.
 - Valorar feitos e símbolos relixiosos como un elemento expresivo da condición humana.
 - Interese por aplicar os contidos estudados en cada unidade ao desenvolvemento das competencias.
 - Valorar as festas relixiosas.
 - Desenvolver unha actitude de admiración e respecto cara ás figuras de Jesús e María.
 - Agradecer a Jesús e María o que fixeron por nós.
 - María unha muller do seu tempo.
 - Interese por participar vivamente nos cantos relixiosos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CON REFERENCIA ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

Neste apartado expoñemos as competencias básicas enumeradas, para facilitar a súa relación co proceso de avaliación. Ao final de cada ítem colocaremos as competencias traballadas, representadas polo número correspondente.

1. Competencia en comunicación lingüística
2. Competencia matemática
3. Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico
4. Tratamento da información e competencia dixital

-
5. Competencia social e cidadá
 6. Competencia cultural e artística
 7. Competencia para aprender a aprender
 8. Autonomía e iniciativa persoal

4.1- AREA DE MATEMÁTICAS

Os **criterios de avaliación** serán:

- Formular problemas sinxelos en que se precise contar, ler, ordenar e escribir números ata o 999. (competencias 4, 7, 8).
- Comparar cantidades pequenas. (competencias 3, 4, 5, 7, 8).
- Resolver problemas sinxelos relativos á vida cotiá, utilizando cálculos numéricos básicos. (competencias 1, 3, 4, 5, 7, 8)
- Utilizar obxectos e instrumentos do contexto habitual do alumnado para medir obxectos, espazos e tempos. (competencias 3, 4, 7, 8)
- Utilizar o coñecemento das formas rectangulares, triangulares, circulares, cadradas, esféricas e cúbicas para identificalas no seu contorno. (competencias 1, 6).
- Resolver problemas en que interveñan a lectura de gráficas sinxelas, interpretándoas a nivel básico. (competencias 4, 5, 7).

4.2- ÁREAS DAS LINGUAS

Os **criterios de avaliación** serán:

- Participar en situacións comunicativas da aula tomando en consideración os hábitos e as regras que rexen estas situacións. e usar fórmulas adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, escusarse e solicitar axuda. (competencia 5).

-
- Comprender textos orais de uso habitual procedentes de diferentes soportes, identificando a información máis relevante. (competencia 5, 7).
 - Expresar oralmente vivencias, feitos, sentimentos ou emocións, e comunicar mensaxes de xeito organizado. (competencias 5, 8).
 - Coñecer e reproducir textos da literatura oral, especialmente a popular. (competencia 6).
 - Producir textos diferentes e con variados obxectivos comunicativos. (competencias 4, 7).
 - Ler textos diversos coa entoación adecuada e coa finalidade de desfrutar e aprender coa escoita lectora. (competencia 7).
 - Amosar iniciativa e interese pola lectura. (competencias 4, 8).
 - Diferenciar nome común de nome propio, masculino de feminino, e singular de plural. (competencias 4, 7)
 - Localizar información concreta na lectura de textos. (competencias 4, 7)

4.3- ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO

Os **criterios de avaliación** serán:

- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas e recoñecer as partes do corpo. (competencia 5).
- Identificar e describir algún recursos fundamentais para os seres vivos e a súa relación coa vida das persoas, tomando conciencia da necesidade do seu uso responsable. (compretencias 1, 3, e 8).
- Clasificar os seres vivos segundo diferentes criterios. (compretencias 2, 3, 4, 7, 8).
- Valorar positivamente a práctica de determinados hábitos de hixiene, alimentación, exercicio físico e descanso. (competencias 5, 7).
- Recoñecer e valorar as manifestacións culturais que están presentes no ámbito escolar, local e galego. (competencias 5, 6).
- Identificar os medios de transporte máis comúns e valorar as medidas de seguridade viaria. (competencias 2, 3, 5, 8).

- Ordenar feitos temporalmente. (competencias 2, 7).
- Observar e identificar diferenzas na composición dos materiais experimentando e usando instrumentos sinxelos. (competencias 3, 7).
- Realizar experimentos sinxelos de maneira guiada. (competencias 1, 4, 7, 8).

4.4- ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

4.4.1- PLÁSTICA (SECCIÓN BILINGÜE)

- Identificar e describir entornos naturais e artificiais.
- Expresar experiencias e sensacións personales mediante as artes plásticas.
- Observar e identificar as manifestacións plásticas do entorno inmediato.
- Crear de forma individual composicións tridimensionais.
- Utilizar o debuxo como recurso de expresión e representación.
- Identificar, apreciar e valorar as obras artísticas do entorno inmediato.
- Identificar os elementos principais dunha obra plástica.
- Crear imaxes de forma espontánea basadas na experiencia personal.
- Utilizar os recursos expresivos que brindan os diversos materiais.
- Respetar as normas necesarias para crear composicións plásticas individualmente e en grupo.
- Valorar, respetar e cuidar os materiais e o espacio utilizado para crear composicións plásticas.

4.4.2- EDUCACIÓN MUSICAL

Os criterios de avaliación do 2º curso do 1º ciclo establecidos para a área de E.Musical son:

- Percibe visual e auditivamente as características máis importantes dos instrumentos de percusión, como resultado dunha exploración lúdica e sensorial.

- Diferencia entre son e silencio.

-
- Percibe a diferenza entre voces masculinas, femininas e infantís.
 - Recoñece os parámetros do son (intensidade, duración e altura) e discrimínalos correctamente.
 - Coñece a escala musical (notas musicais) en orde ascendente.
 - Recoñece o pentagrama e a clave de sol.
 - Asocia as representacións gráficas convencionais da negra, da corchea, da branca e do silencio de negra, co son que producen.
 - Usa termos sinxelos para comentar obras musicais.
 - Reproduce patróns de movemento co seu corpo, coordinando os movementos con exactitude.
 - Reproduce correctamente esquemas rítmicos e melódicos coa voz ou cos instrumentos de percusión.
 - Participa activamente en producións artísticas de forma cooperativa, ben sexan con sons ou movementos.

Os criterios de avaliación empregados para *avaliar* cada unha das competencias básicas son:

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA:

- Recoñece as obras musicais e compositores traballados ao longo do curso.
- Valora as posibilidades do son como elemento de comunicación.
- Desenvolve a capacidade de expresión e percepción de emocións a través de obras musicais.

COMPETENCIA MATEMÁTICA:

-Asocia as representacións gráficas convencionais das figuras musicais (branca, negra e corchea) e do silencio (negra) co número de tempos ós que equivalen.

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ:

-Participa activamente en producións artísticas de forma cooperativa, ben sexan con son ou movemento.

-Desfruta das diferentes producións artísticas colectivamente, respectando por igual as creacións propias e as das outras persoas.

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL:

-Emprega algunhas das posibilidades das novas tecnoloxías en que interveña o son.

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:

-Emprega adecuadamente os termos musicais aprendidos.

-Recoñece cantigas galegas de tradición oral e outras cancións traballadas ao longo de cada unidade didáctica.

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL:

-Participa activamente en producións artísticas de forma cooperativa, ben sexan con sons ou movementos.

-Desenvolve a creatividade en todos os ámbitos da área de E.Musical.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER:

-Desenvolve o xuízo crítico, co fin de que formar o seu gusto musical propio.

- 1- Reaccionar corporalmente ante estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas ás características deses estímulos.
- 2- Adoptar diferentes posturas corporais, amosando coñecemento do corpo e mantendo o equilibrio e o control respecto á tensión/relaxación musculares e á respiración.
- 3- Reproducir cos diferentes segmentos corporais ou con instrumentos unha estrutura rítmica sinxela.
- 4- Desprazarse e saltar coordinadamente, variando a amplitude, a frecuencia, a dirección e o sentido do movemento e mais amosando unha axeitada orientación no espazo.
- 5- Realizar lanzamentos, recepcións e outras habilidades que impliquen o manexo de obxectos, coordinando os segmentos corporais e situando o corpo axeitadamente.
- 6- Simbolizar personaxes, obxectos e situacións utilizando o corpo e materiais variados, amosando desinhibición e mais respectando e valorando as execucións alleas.
- 7- Amosar interese pola adquisición de hábitos axeitados de alimentación, de hixiene corporal, postural e de seguridade na práctica da actividade física.
- 8- Participar e gozar dos xogos, axustando a propia actuación ás características da actividade e experimentando relacións positivas coas outras persoas participantes.
- 9- Coñecer e practicar xogos populares tradicionais galegos, interesándose pola súa busca e valorando a súa importancia.

A área de educación física contribúe ao desenvolvemento das **competencias básicas**:

Competencia en comunicación lingüística.

A educación física desenvolve esta competencia desde varias perspectivas, pero, en todas elas, grazas á variedade de intercambios comunicativos que permite, á parte do vocabulario específico que achega.

Competencia matemática.

Certas actividades que se realizan en educación física e contribúen ao desenvolvemento da competencia matemática son:

- Apreciación de distancias, de traxectorias ou de velocidades nos lanzamentos, nas recepcións, nos golpes e en calquera tarefa de manipulación que se faga con móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.
- A ocupación do espazo de acción, a dispersión, o agrupamento... Estes aspectos inflúen na boa adquisición das habilidades perceptivas e son importantes na maioría das actividades que se fan, especialmente nos deportes.
- A formación de figuras xeométricas co corpo, tanto individualmente como en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...) ou con distintos materiais (cordas, ladrillos de psicomotricidade...)
- Interpretación de símbolos: por exemplo, ao traballar a orientación hai que entender a relación entre o que está representado no plano e a realidade, polo que resulta imprescindible interpretar os símbolos máis básicos.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

Algunhas achegas a esta competencia son as seguintes:

- Aumento da percepción: búscase enriquecer a percepción e o control do propio corpo (esquema corporal), do espazo e do tempo, mellorando deste xeito o coñecemento do mundo que nos rodea e as relacións coas demais persoas e cos obxectos.
- Exploración e coñecemento doutros medios (acuático, natural, neve...): algunhas das actividades da área de educación física realízanse no medio natural ou incluso no medio acuático, o cal axudará o alumnado a coñecer as diferenzas, as súas características, os distintos espazos...
- Mellora da saúde e da calidade de vida: entendida como o estado de completo benestar físico,

mental e social, e non só como ausencia de enfermidade. A mellora na condición física (especialmente no terceiro ciclo) ten numerosas repercusións na saúde: diminución do peso corporal, aumento das cavidades do corazón, do ton muscular, da autoestima... Tamén contribúen á mellora da saúde e da calidade de vida o traballo da hixiene corporal, a adquisición de hábitos alimenticios axeitados, o rexeitamento da inxestión de substancias prexudiciais, así como a práctica de hixiene postural en accións cotiás e propias da actividade física.

Tratamento da información e competencia dixital.

A área de educación física contribúe a esta competencia desde os seguintes puntos de vista:

- Por unha banda, as nenas e os nenos aprenden a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e de comunicación, que poden danar a imaxe corporal. Ademais deben saber seleccionar a información importante.
- Por outra banda, o alumnado ten que ser quen de achar a información usando as TIC: bases de datos, procesadores de texto, tratamento da imaxe, utilización da internet como ferramenta de busca... Debe amosar un dominio básico de diferentes linguaxes (icónica, visual, sonora, gráfica...) e un coñecemento dos tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización.

Competencia social e cidadá.

As características da educación física, especialmente no que se refire á dinámica de relacións, presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais:

- Cun axeitado enfoque metodolóxico e didáctico, faranse grandes achegas a esta competencia: a busca de obxectivos grupais comúns nun xogo cooperativo, o diálogo e a toma de decisións compartidas, as estratexias de cooperación ou oposición nos deportes, a comunicación... son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración, o respecto, a cooperación e a solidariedade.

- A educación física conciencia e axuda a ter en conta ás demais persoas nas actividades propostas, a

confiar nelas, a participar colectiva e grupalmente, a asumir os diferentes papeis e as regras do xogo, a compartir o éxito e o fracaso do equipo, a discutir e elixir representantes, normas, funcións... aceptando as posibilidades e limitacións propias e alleas, independentemente do sexo, da raza, das crenzas, das características físicas...

- Atenderase ao xogo limpo, responsabilizándose cadaquén da integridade do resto de participantes. No caso do xurdimento de conflitos, resolveranse por medio da negociación, baseada no diálogo.

Competencia cultural e artística.

A educación física achégase a esta competencia:

- Apreciando a parte artística de certas execucións motrices. Potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión. Deste xeito, as manifestacións artísticas significarán unha fonte de gozo e enriquecemento persoal, valorando criticamente as mensaxes difundidas.

Entendendo algunhas manifestacións da motricidade humana como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións.

Competencia para aprender a aprender.

O logro desta competencia ten relación coa metodoloxía e coa maneira de presentar as tarefas na organización do proceso de ensino-aprendizaxe:

- Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas, en que o grupo-clase ten que buscar a colaboración e as achegas de todas as persoas que o compoñen, favorecendo o diálogo, a busca, o consenso, o razoamento e a comprensión das ideas achegadas polas e polos demais.

-
- O axeitado coñecemento de si mesma e de si mesmo, do propio corpo, das posibilidades de acción, do contorno que nos rodea, das demais compañeiras e compañeiros así como a comprensión dos patróns de movemento realizados para transferir a outras accións que favoreza o coñecemento das propias capacidades e a autoestima.
 - Do mesmo xeito, as estratexias que cada nena e neno desenvolven con respecto ao autocontrol e ao control da actividade, regulando os seus movementos e accións e respondendo aos obxectivos propostos, favorecerán o feito de aprender a aprender.

Autonomía e iniciativa persoal.

A educación física aborda a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado desde varias perspectivas:

- Mellorando o coñecemento do seu propio corpo e do contorno ao estruturar o esquema corporal, así como a percepción do espazo e do tempo, de maneira que se gañe progresivamente autonomía e se fagan os movementos máis ricos e variados.
- Incrementando o nivel de habilidades e de capacidades e, en consecuencia, a autonomía e a iniciativa persoal.
- Utilizando unha metodoloxía que favoreza a exploración: os estilos de ensino que potencian a busca creando dúbidas nos coñecementos adquiridos ata o momento incrementan a capacidade do alumnado para realizar as accións con progresiva autonomía.

A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que é preciso que os contidos sexan coherentes desde un punto de vista obxectivo co nivel evolutivo e madurativo do alumnado. Desta maneira, conseguirase unha alta motivación, xa que as aprendizaxes terán conexión coas inquiredanzas, necesidades e capacidades de cada neno e de cada nena.

4.6- LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

C1competencia en comunicación lingüística. C2 competencia matemática C3 competencia no

coñecemento e na interacción co mundo físico C4 tratamento da información e competencia dixital C5 competencia social e cidadá C6 competencia cultural e artística C7 competencia para aprender a aprender C8 Autonomía e iniciativa persoal

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	C.B.1	C.B.2	C.B.3	C.B.4	C.B.5	C.B.6	C.B.7	C.B.8
1 Comprende palabras e ordes sinxelas axeitadas á súa idade vinculadas ás formas básicas de relación social en lingua inglesa	X		X				X	X
2 Capta o sentido global dun conto oral, con apoio visual, sendo quen de secuencialo.	X	X	X				X	
3 Amosa actitudes positivas cara a utilización da nova lingua nos diferentes contextos comunicativos inclusive nos traballos cooperativos	X						X	
4 Amosa comprensión, mediante respostas verbais e non verbais de instrucións básicas dadas en situacións habituais na aula	X				X			X
5 Memoriza e expresa textos orais moi sinxelos: cancións, chants, diálogos escenificados	X		X	X			X	X
6 Expresa comprensión oral cando se realizan escenificacións, cancións, e traballos en grupo.	X		X					
7 Participa en conversacións moi sinxelas relativas á localización de personaxes, á expresión dos gustos e sentimentos, á identificación dos membros da propia familia, felicitando por Nadal, de Pascua, etc.			X		X	X	X	X

8 Recoñece e reproducir aspectos sonoros, de ritmos, acentuación e ton de expresións, mensaxes orais breves que aparecen en contextos comunicativos habituais	X				X		X	
9 Identifica e escribe os números, as cores, as partes do corpo, as comidas, etc...	X	X				X	X	
10 Usa as tecnoloxías da comunicación tanto como medio de acceso a contidos lingüísticos en formato multimedia, como medio de expresión oral e escrita	X			X				
11 Amona interese e curiosidade por aprender a lingua estranxeira e recoñece a diversidade de linguaxe como elemento enriquecedor.						X	X	X
12 Completa de xeito correcto (coidando a presentación) o "English Dossier".	X	X					X	
13 Identifica as personaxes presentadas ó inicio do curso.							X	X
14 Amona curiosidade e interese por buscar información sobre as súas personaxes favoritas de debuxos animados utilizando internet ou outros medios.	X		X	X		x		

4.7- RELIXIÓN CATÓLICA

Competencia en comunicación lingüística

- escoitar, comprender, expor e dialogar.
- Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.
- Expresar emocións, vivencias e opinións.
- Utilizar a linguaxe con versatilidade en función do contexto.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

-
- Coidar o medio ambiente.
 - Consumir de maneira racional e responsable.
 - Percibir o espazo físico no que se desenvolve a vida.

Competencia matemática

- Interpretar e expresar informacións.
- Descifrar códigos numéricos elementais.

Tratamento da información e competencia dixital

- Analizar a imaxe e as mensaxes que transmite.

Competencia social e cidadá

- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Dialogar para mellorar a comprensión da realidade.
- Comunicarse en distintos contextos.
- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto, especialmente aos crentes doutras relixións.
- Comprender a realidade relixiosa e social a partir da súa análise.

Competencia cultural e artística

- Descubrir os elementos relixiosos da súa contorna.
- Expresarse mediante elementos plásticos a través da iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Desenvolver habilidades e actitudes que permitan acceder ás distintas manifestacións.
- Coñecer as obras e as manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural cristián.

-
- Utilizar as manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e goce.
 - Manter unha actitude respectuosa cara ás expresións artísticas do patrimonio cristián.

Competencia para aprender a aprender

- Dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuoalo.
- Perseverar e esforzarse, aceptando os erros e aprendendo deles.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Xestionar e controlar de forma eficaz os procesos de aprendizaxe.
- Lograr experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

Autonomía e iniciativa persoal e competencia emocional

- Desenvolver valores persoais como a responsabilidade, a colaboración, a axuda aos demais, a perseveranza, etc.
- Afrontar os problemas e atopar solucións para eles.
- Elixir con criterio propio e levar adiante iniciativas no ámbito persoal.
- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, o diálogo, o agradecemento, a cooperación e o traballo en equipo.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

5.1- ÁREA DAS MATEMÁTICAS

- Coñecer a serie numérica do 0 ata 999 (ordenar, ler e comparar)

-
- Calcular sumas e resta levando
 - Distinguir e identificar os números pares e impares
 - Comprender e resolver problemas da vida cotiá utilizando sumas e restas con e sen levar.
 - Coñecer o valor posicional dos números e traballar con unidades, decenas e centenas.
 - Coñecer as formas xeométricas básicas e identificalas no entorno.

5.2- ÁREA DAS LINGUAS

LINGUA ESCRITA

- Ser capaz de distinguir distintos tipos de texto (contos, poesía, prensa, carteis, receitas...)
- Ser capaz de elaborar textos sinxelos de produción propia.
- Ser capaz de reproducir dictados de frases simples.
- Coidar a presentación do traballo diario: caligrafía, limpeza e marxes.

EXPRESIÓN ORAL

- Ser capaz de incorporar e utilizar axeitadamente o vocabulario novo.
- Amosar respecto polo turno de palabra e pola opinión dos demais.
- Expresarse con claridade e coherencia.

GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA

- Coñecer e aplicar a concordancia entre artigo-sustantivo-adxetivo
- Ser capaz de usar adecuadamente a letra maiúscula e os signos de puntuación

LECTURA

- Adquirir un dominio de lectura comprensiva adecuado a súa idade

5.3- EDUCACIÓN MUSICAL

Os “*mínimos esixibles*” para promocionar ao 3º curso de E.Primaria en E.Musical son:

- Diferencia entre son e silencio.
- Percibe a diferenza entre voces masculinas, femininas e infantís.
- Recoñece os parámetros do son (intensidade e duración) e discrimínalos correctamente.
- Coñece a escala musical (notas musicais) en orde ascendente.
- Recoñece o pentagrama e a clave de sol.
- Asocia as representacións gráficas convencionais da negra e da corchea e do silencio de negra, co son que producen.
- Percibe visual e auditivamente as características máis importantes dos instrumentos de percusión.
- Reproduce patróns de movemento co seu corpo, coordinando os movementos.
- Reproduce esquemas rítmicos e melódicos coa voz ou cos instrumentos de percusión.

5.4. EDUCACIÓN PLÁSTICA (BILINGÜE)

MÍNIMOS ESIXIBLES	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8
Identificar formas e cores nas imaxes que se presentan.	X	X				X		
Recoñece e interpreta diferentes versións dunha mesma obra artística.	X					X	X	
Imitar o trazado das tramas para sombrear os modelos.	X					X	X	
Utiliza o lapis de grafito no sombreado e consegue diferentes tons.						X	X	X
Interpretar esquemas de animais diferentes reproducíndoos convenientemente.	X					X		X
Coñecer monumentos famosos e obras pictóricas da contorna e doutras culturas.	X					X		
Reproduce paisaxes que representen distintos momentos do día e da noite.	X					X	X	X
Verbalizar correctamente as instrucións para construír motivos do Nadal e do Entroido.	X					X	X	X
Valorar as obras de arte doutras culturas e da propia.	X				X	X		X
Manexar os materiais e pigmentos necesarios no acabado dos traballos.						X	X	X
Identificar formas incompletas e componas na súa totalidade.						X	X	X
Valorar o retrato como motivo artístico e crea variantes dun modelo.	X					X	X	X
Relacionar xestos e posturas, debuxa e coloreia de xeito adecuado.	X				X	X	X	X

5.5- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

- Coñecemento das partes e posibilidades de movemento do propio corpo e dos corpos dos demais.
- Coñecer a importancia da relaxación e da respiración.
- Utilizar o xogo como medio de actividade física, de lecer, relación e emprego do tempo libre.
- Sensibilizar na adquisición de hábitos de saúde, posturais, de hixiene persoal e de alimentación
- Tomar conciencia dos posibles riscos que ten a práctica da actividade motriz e física.
- Tomar conciencia dos recursos expresivos do corpo.
- Participar de forma habitual en calquera tipo de actividade motriz, de xeito lúdico e sen ter en conta os resultados.
- Respetar as normas de xogo establecidas, tanto polo grupo de xogo, coma polo regulamento do xogo.

- Aceptar aos seus compañeiros e compañeiras independentemente das súas características persoais, sociais e sexuais

Competencia en comunicación lingüística.

- A educación física desenvolve esta competencia desde varias perspectivas, pero, en todas elas, grazas á variedade de intercambios comunicativos que permite, á parte do vocabulario específico que achega.

Competencia matemática.

- Apreciación de distancias, de traxectorias ou de velocidades nos lanzamentos, nas recepcións, nos golpes e en calquera tarefa de manipulación que se faga con móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.
- A ocupación do espazo de acción, a dispersión, o agrupamento... Estes aspectos inflúen na boa adquisición das habilidades perceptivas e son importantes na maioría das actividades que se fan, especialmente nos deportes.
- A formación de figuras xeométricas co corpo, tanto individualmente como en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...) ou con distintos materiais (cordas, ladrillos de psicomotricidade...)
- Interpretación de símbolos: por exemplo, ao traballar a orientación hai que entender a relación entre o que está representado no plano e a realidade, polo que resulta imprescindible interpretar os símbolos máis básicos.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

- Aumento da percepción: búscase enriquecer a percepción e o control do propio corpo (esquema corporal), do espazo e do tempo, mellorando deste xeito o coñecemento do mundo que nos rodea e as relacións coas demais persoas e cos obxectos.
- Exploración e coñecemento doutros medios (acuático, natural, neve...): algunhas das actividades da área de educación física realízanse no medio natural ou incluso no medio acuático, o cal axudará o alumnado a coñecer as diferenzas, as súas características, os distintos espazos...
- Mellora da saúde e da calidade de vida: entendida como o estado de completo benestar físico, mental e social, e non só como ausencia de enfermidade. A mellora na condición física (especialmente no terceiro ciclo) ten numerosas repercusións na saúde: diminución do peso corporal, aumento das cavidades do corazón, do ton muscular, da autoestima... Tamén contribúen á mellora da saúde e da calidade de vida o traballo da hixiene corporal, a adquisición de hábitos alimenticios axeitados, o rexeitamento da inxestión de substancias prexudiciais, así como a práctica de hixiene postural en accións cotiás e propias da actividade física.

Tratamento da información e competencia dixital.

- Por unha banda, as nenas e os nenos aprenden a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e de comunicación, que poden danar a imaxe corporal. Ademais deben saber seleccionar a información importante.

- Por outra banda, o alumnado ten que ser quen de achar a información usando as TIC: bases de datos, procesadores de texto, tratamento da imaxe, utilización da internet como ferramenta de busca... Debe amosar un dominio básico de diferentes linguaxes (icónica, visual, sonora, gráfica...) e un coñecemento dos tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización.

Competencia social e cidadá.

- Cun axeitado enfoque metodolóxico e didáctico, faranse grandes achegas a esta competencia: a busca de obxectivos grupais comúns nun xogo cooperativo, o diálogo e a toma de decisións compartidas, as estratexias de cooperación ou oposición nos deportes, a comunicación... son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración, o respecto, a cooperación e a solidariedade.
- A educación física conciencia e axuda a ter en conta ás demais persoas nas actividades propostas, a
- confiar nelas, a participar colectiva e grupalmente, a asumir os diferentes papeis e as regras do xogo, a compartir o éxito e o fracaso do equipo, a discutir e elixir representantes, normas, funcións... aceptando as posibilidades e limitacións propias e alleas, independentemente do sexo, da raza, das crenzas, das características físicas...
- Atenderase ao xogo limpo, responsabilizándose cadaquén da integridade do resto de participantes. No caso do xurdimento de conflitos, resolveranse por medio da negociación, baseada no diálogo.

Competencia cultural e artística.

- Apreciando a parte artística de certas execucións motrices. Potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión. Deste xeito, as manifestacións artísticas significarán unha fonte de gozo e enriquecemento persoal, valorando criticamente as mensaxes difundidas.
- Entendendo algunhas manifestacións da motricidade humana como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións.

Competencia para aprender a aprender.

- Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas, en que o grupo-clase ten que buscar a colaboración e as achegas de todas as persoas que o compoñen, favorecendo o diálogo, a busca, o consenso, o razoamento e a comprensión das ideas achegadas polas e polos demais.
- O axeitado coñecemento de si mesma e de si mesmo, do propio corpo, das posibilidades de acción, do contorno que nos rodea, das demais compañeiras e compañeiros así como a comprensión dos patróns de movemento realizados para transferir a outras accións que favoreza o coñecemento das propias capacidades e a autoestima.
- Do mesmo xeito, as estratexias que cada nena e neno desenvolven con respecto ao autocontrol e ao control da actividade, regulando os seus movementos e accións e respondendo aos obxectivos propostos, favorecerán o feito de aprender a aprender.

Autonomía e iniciativa persoal.

- Mellorando o coñecemento do seu propio corpo e do contorno ao estruturar o esquema corporal, así como a percepción do espazo e do tempo, de maneira que se gañe progresivamente autonomía e se fagan os movementos máis ricos e variados.
- Incrementando o nivel de habilidades e de capacidades e, en consecuencia, a autonomía e a

iniciativa persoal.

- Utilizando unha metodoloxía que favoreza a exploración: os estilos de ensino que potencian a busca creando dúbidas nos coñecementos adquiridos ata o momento incrementan a capacidade do alumnado para realizar as accións con progresiva autonomía.
- A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que é preciso que os contidos sexan coherentes desde un punto de vista obxectivo co nivel evolutivo e madurativo do alumnado. Desta maneira, conseguirase unha alta motivación, xa que as aprendizaxes terán conexión coas inquiredanzas, necesidades e capacidades de cada neno e de cada nena.

5.6.- LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

- É quen de contestar a rutinas básicas: What's the weather like? It's (sunny) What's your name? I'm (Mary) Can I have a(school thing)?(Yes/ No) Here, you are. Thanks.
- Respecta as normas básicas de convivencia para o establecemento da comunicación nas sesións de lingua inglesa.
- É quen de contestar ás rutinas básicas: What's the weather like? It's (sunny) What's your name? I'm (Mary) Can I have a(school thing)? Here, you are. Thank you.
- É capaz de responder a preguntas sobre o vocabulario e as estruturas lingüísticas traballadas nas programacións de actividades e tarefas (nivel 1 e 2).
- Identifica e escribe o vocabulario básico referido: os números (1-20) e as cores (red, white, pink, green, orange, black, blue, brown, yellow, grey, purple)
- É quen de asociar o vocabulario previsto nas programacións de actividades e tarefas de 1º e 2º nivel do segundo ciclo coa imaxe das mesmas.
- É quen de utilizar o CD-ROM para a realización de xogos interactivos.
- Colabora en grupo en determinadas actividades propostas nas programacións de actividades e tarefas (nivel 1 e 2).
- Amona interese e curiosidade por aprender a lingua estranxeira e recoñecer a diversidade de linguaxe como elemento enriquecedor.
- Completa de xeito correcto o English Dossier coidando da súa presentación estética.

5.7- RELIXIÓN CATÓLICA

- Recoñecer os elementos da natureza.

-
- Saber que a Creación é obra de Deus.
 - Comprender que Deus regala a Creación ás persoas e quere que a coiden.
 - Coidar e respectar a natureza como un regalo que podemos perder.
 - Coidar e respectar o noso corpo.
 - Identificar os comportamentos que respectan e coidan a Creación.
 - Comprender que o amor fai felices ás persoas
 - Recoñecer o comportamento de axuda aos demais
 - Descubrir que a Deus lle gustan os bos comportamentos.
Saber que os comportamentos relixiosos achegan a Deus.
 - Identificar comportamentos de respecto aos demais.
 - Identificar personaxes Bíblicos.
 - Descubrir que as festas celebran acontecementos.
 - Recoñecer o Nadal como a festa na que se celebra o nacemento de Xesús.
 - Saber que se recorda o Domingo de Ramos, o Xoves Santo, o Venres Santo e o Domingo de Resurrección.
 - Saber que na festa da Anunciación os cristiáns recordan o anuncio do anxo a María.
 - Coñecer que o anxo anunciou a María o nacemento de Xesús.
 - Recoñecer situacións nas que hai que expresar agradecemento aos demais.

-
- Saber que Xesús ensina o amor de Deus.
 - Coñecer que Deus é un bo Pai que ama e coida ás persoas, que son os seus fillos.
 - Coñecer que Xesús ensinou a portarse ben cos demais e a axudar aos necesitados.
 - Actuar coas persoas da nosa contorno como Xesús nos mostra.
 - Valor pola familia e sobre todo polos máis anciáns.
 - Recoñecer a diversidade e valorar as súas achegas.
Saber que a Igrexa é o grupo dos cristiáns.
 - Descubrir que Xesús fundou a Igrexa para ensinar a mensaxe de Deus.
 - Descubrir que as festas cristiás celebran que Xesús e María están connosco.
 - Enumerar xestos relixiosos
 - Coñecer que o templo é a casa dos cristiáns.
 - Saber que as imaxes relixiosas axudan a estar máis preto de Deus, de Jesús e da Virxe.
 - Relacionar os principais obxectos do culto relixioso cos feitos da vida de xesús.
 - Distinguir e valorar as obras de arte relixiosa.
 - Identificar elementos relixiosos.
 - Empreñar a su actividad gráfica para representar en imáxenes as súas vivencias e experiencias persoais

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será formativa, continua e global polo que precisará dunha recollida de datos que aporten información sobre o proceso de aprendizaxe de cada alumno.

O referente da avaliación serán as competencias básicas (LOE) e os obxectivos de ciclo.

Considerarase a avaliación como unha reflexión dos factores que interveñen no proceso didáctico.

Non se avaliará para etiquetar ó alumno, senón para ter elementos de xuízo á hora de tomar decisións no proceso educativo.

Os instrumentos que utilizaremos para avaliar serán:

- Observación do traballo diario, comportamento, esforzo e atención.
- Puntuación do caderno de traballo e fichas, orden e tarefas realizadas.
- Preguntas orais.
- Probas escritas.

6.1- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Instrumentos e procedementos de avaliación

Dado que os instrumentos de avaliación, deben ser variados, deben dar información concreta do que se pretende avaliar, deben utilizar distintos códigos, deben ser aplicables en situación máis ou menos estruturadas da actividade escolar e deben permitir avaliar a transferencia dos aprendizaxes a contextos distintos daqueles nos que se adquiriron, sinalámonos seguintes instrumentos e procedementos de avaliación.

Probas específicas

- Interpretación de datos.
- Diferentes test.
- Probas de axilidade, de coordinación, de lanzamentos, carreiras.

Observación sistemática

- Pautas de observación.
- Cuestionarios de avaliación
- Rexistros anecdóticos.
- Diarios de clase.

6.2- EDUCACIÓN MUSICAL

Os procedementos e instrumentos que se utilizarán na avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as son aqueles cos que se pretende obter información acerca do grao de consecución dos obxectivos propostos.

En primeiro lugar, temos que ter en conta que a avaliación debe ser flexible, partindo do curso educativo do alumnado e das súas propias características, posibilidades e intereses. Para iso empregamos a “avaliación inicial”, momento no que comeza o proceso de ensinanza – aprendizaxe e que nos indica o nivel de coñecementos co que parten os nosos alumnos/as. Con esta información, xa podemos levar a cabo unha programación máis individualizada para cada alumno/a.

E para seguir recibindo información, temos a “avaliación continua”, que se realizará ao longo de todo o proceso de ensino – aprendizaxe e pretende valorar o grao de consecución dos obxectivos nese momento concreto do mesmo. Para rematar coa “avaliación final ou sumativa”, na que se valorarán os resultados finais conseguidos polo alumnado en relación cos obxectivos e mínimos esixibles establecidos na Programación Didáctica da área.

Tendo en conta todo isto, os procedementos e instrumentos que se empregarán na avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as serán:

-Técnicas de observación sistemática do alumno/a: asistencia diaria, participación na clase, realización das tarefas indicadas, comportamento, destrezas e habilidades que amosa...

-Probas obxectivas (*teóricas e prácticas*) relativas aos contidos traballados na clase, para observar cal é o grao de coñecementos que acadou o alumno/a. No 2º curso de E.Primaria estas probas valoraranse coas actividades realizadas no libro de texto e nas fichas que se estimen oportunas.

-Valoración individual e colectiva das propias **produccións e elaboracións musicais**.

Para rematar, propoño introducir a propia **autovaloración** das producións musicais do alumnado como un instrumento máis. Esta valoración farase a través da audición ou visionado por parte do propio alumnado, axudado polo mestre, das actividades levadas a cabo. Desta maneira, o alumno/a será máis consciente dos seus erros para así poder mellorar.

6.3. EDUCACIÓN PLÁSTICA

A avaliación será continua, vai ter lugar ao longo de todo o curso, ademáis será formativa, a súa función será que os alumnos melloren, e sumativa, comprobar que se acadan os mínimos esixibles.

Para avaliar aos alumnos/as teremos en conta os seguintes instrumentos de avaliación:

- Observación diaria: asistencia a clase, participación, realización das tarefas, comportamento e destrezas e habilidades que amosa.
- Cuestionarios orais: durante as sesións faranselles algunhas preguntas a cerca da cor, a forma... dos obxectos aos alumnos/as.
- Portafolio: Os traballos realizados cada día recolleráanse nun portafolio que nos amosará a evolución dos alumnos/as durante o curso.

6.4- LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

A avaliación é continua, é dicir, está presente durante todo o curso académico, á súa vez ésta constará dunha avaliación inicial, formativa e sumativa.

Diagnóstica ou inicial: (ao inicio do curso): Determinar fortalezas e limitacións nos alumnos.
Función primordial: Ubicar / Clasificar/ Prever.

Formativa: (ao longo do curso)

Coidado nas presentacións estéticas dos traballos individuais e grupais, cumprimentación da “”

e do “English Dossier”, autoavaliación e coavaliación e no caso do segundo nivel do primeiro ciclo de educación primaria unha proba obxectiva ao trimestre. Función primordial: Dar seguimento e control de calidade co fin de plantexar medidas de reforzo educativo se fose necesario.

Sumativa ou final: (ao final do curso)Función primordial. Valorar os logros acadados nos diferentes trimestres e comprobar o alcance dos mínimos esixibles.

6.5- RELIXIÓN CATÓLICA

Partindo da base que a avaliación serve como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto ao proceso de ensino-aprendizaxe, considero que non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha banda, indicando que obxectivos conséguense e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

Realizarei unha avaliación inicial, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, con obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

Avaliación formativa continua, que pretende coñecer si vanse logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e auto-corrector do proceso educativo desde o seu comezo, o que require unha avaliación inicial previa.

Avaliación sumativa, que estima os méritos ao finalizar o currículo (máis cuantitativa), na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; é dicir, avaliación do resultado

Realizaremos probas de avaliación orais ou escritas correspondente as diferentes unidades, observación directa no alumno en diferentes momentos e ambientes , intercambio de información con outros mestres que interveñen co alumno/a facendo un seguimento da avaliación en follas de rexistro que nos permitan determinar o grao de consecución dos obxectivos marcados, así como para valorar a programación e a propia práctica docente. A avaliación da miña intervención como mestra debe ser continua , polo tanto debo tomar datos do proceso para facer os cambios necesarios no momento oportuno para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe do alumnado.

DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial levouse a cabo no primeiro curso de ciclo. Para o presente curso en 2º , tense previsto realizar unha avaliación tomando como referencia a avaliación final do curso anterior, para determinar o punto de partida principalmente do alumnado que non promocionou ou ben chega novo o centro.

7.1- ÁREA DE EDUCACIÓN MUSICAL

O alumnado cada vez é máis diverso, polo que ao comezar o curso académico faise necesario realizar unha avaliación inicial que sirva como referencia á hora de adaptar a resposta educativa ás necesidades reais do grupo e á diversidade e características individuais de cada alumno/a.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas de clase, nas que nos adicaremos a recoller información sobre as características do alumno/a (intereses e aptitudes ou destrezas que amosa), o seu entorno socio-familiar, o contexto educativo (dinámica de aula-relacións entre compañeiros) e súa competencia curricular na materia.

Para realizar a *avaliación inicial* contamos con múltiples *instrumentos*, dos que se empregarán:

-Probas de nivel teóricas e prácticas, para saber o grao de coñecementos previos do alumno/a.

- Xogos variados, que nos permiten observar a interacción entre o alumnado.
- Observación na aula os primeiros días de clase, para ver a súa dinámica.
- Entrevistas cos pais e nais.

En definitiva, é necesario realizar unha avaliación inicial, posto que orienta a programación, a metodoloxía a empregar, a organización da aula, as actividades a desenvolver... para así adaptarse mellor á idiosincrasia de cada grupo de alumnos/as.

7.2- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Realizáremola ao empezar cada unidade para ver o punto de partida dos alumnos/as. En ocasións, unidades anteriores serviránnos como avaliación inicial as seguintes pola similitude de contidos.

En casi todas as unidades ao longo do curso, a primeira sesión ten a función de avaliación inicial, valorando os coñecementos do alumnado sobre os novos contidos a tratar, é dicir, será unha sesión ordinaria pero facendo especial fincapé en tomar rexistros por medio dunha escala de valoración.

Hai tamén que destacar neste punto que o alumnado xa é coñecido pola mestra de educación física de cursos anteriores, e tamén os nenos/as coñecen a mestra.

7.2- LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

Durante a segunda quincena de setembro durante os primeiros dez minutos da clase revisaremos os DVD's das temáticas traballadas nos cursos previos, co fin de que o alumnado recupere da súa memoria a longo prazo o vocabulario e estruturas lingüísticas traballadas nos niveis previos. Durante o visionado pararemos o vídeo. E procederemos de dous xeitos:

No caso do alumnado do primeiro nivel interésanos saber se responden utilizando a linguaxe xestual, indicando si ou non no número da/o alumna/o.

No caso do alumnado do segundo nivel interésanos saber se responden vía oral, indicando si ou non no número da/o alumna/o.

DVD's TOPIC	PUPILS																			
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20
School zone																				
Body zone																				
Animal zone																				
Fun zone																				

7.4- RELIXIÓN CATÓLICA

As probas de Avaliación Inicial parten dos obxectivos e contidos mínimos que o alumno debe ter adquiridos o finalizar o curso anterior.

Realizaremos unha serie de actividades tratando de evitar en todo momento que o alumno as viva coma un exámen. As probas terán un carácter aberto o que permitirá que uns alumnos axuden a outros, tendo en conta que a finalidade en sí é descubrir como están afianzados os contidos do ciclo anterior.

Empregaremos unhas follas de rexistro unha a nivel individual e outra a nivel grupal.

Actividades tipo para os primeiros días de clase na que se levará a cabo a avaliación inicial:

Se repartirá unha serie de láminas entre os alumnos/as coa seguinte consigna :”fíxate nestes debuxos, colorea de amarelo todas as cousas que nos regala a natureza e de laranxa as que as persoas poidamos crear ou fabricar...

Proxectaremos unha serie de imaxes e os rapaces dirán que actitudes lles parecen que son as que Xesús aprobaría e cales non , a continuación estableceréi un diálogo de porque pensan iso.

Recordar algún persoaxe relacionado coa vida de Xesús.

7.5. EDUCACIÓN PLÁSTICA

Para a realización inicial dirémoslle os/as nenos/as que debuxen nun papel en branco distintas figuras e liñas. Despois, completaremos esta táboa coa información que corresponda.

NOME DO/A ALUMNO/A:		
INDICADORES DE AVALIACIÓN INICIAL NA ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA	SI	CON DIFICULTADE

(PLÁSTICA)		
Realiza diferentes tipos de liña.		
Identifica as cores primarias.		
Recoñece formas habituais no seu contorno.		
Representa a figura humana.		
Analiza a posición das formas no espazo (arriba-abaixo, diante-atrás...).		
Debuxa simetrías.		
Identifica obras artísticas.		

8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para establecer as cualificacións consideraremos os instrumentos de recollida de información para os que estableceremos a seguinte importancia:

- Traballo de aula- 50%
- Interese, actitude e comportamento- 40%
- Probas escritas e orais- 10%

8.1- EDUCACIÓN MUSICAL

A avaliación do alumno/a será continua e integradora, polo que é requisito indispensable para superar a materia a asistencia regular ás clases e ás actividades programadas ao longo do curso, así como traer diariamente os materiais que se estipulen ao comezo do curso (catro faltas de material ao trimestre suporía un suspenso na materia, aínda que as probas teórico-prácticas estén aprobadas).

As actividades teórico-prácticas realizadas no libro de texto e nas fichas que se estimen oportunas durante o curso, entenderáanse como as probas obxectivas coas que valorar o grao de coñecementos que acadou o alumno/a.

Os exercicios de práctica vocal, instrumental ou de movemento que se realicen ao longo do curso, serán tomados como referencia para a avaliación individual de cada alumno/a.

Ademais, teranse tamén en conta parámetros como o comportamento, actitude, interese, participación...

<u>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</u>	<u>% DA NOTA</u>
Actividades teórico-prácticas realizadas no libro de texto e nas fichas.	40%
Exercicios de práctica vocal, instrumental ou de movemento.	30%
Actitude, interese, comportamento, tarefas diarias, material.	30%

A avaliación final será a nota media das tres avaliacións ordinarias. No caso de non alcanzar dita nota media o aprobado ou que o alumno/a tivese reiteradas faltas de asistencia ou material sen xustificar, a materia estará suspensa.

8.2- EDUCACIÓN FÍSICA

Para 2ªA

Aspectos actitudinais	50%
Observación das Unidades Didácticas	40%

Fichas do alumno-a	10%
--------------------	-----

En función destes criterios estableceré a cualificación, que tal e como se establece na orde de avaliación será IN, SU, BE, NT, SB.

Para 2º B

Establécense os seguintes criterios de cualificación na Área de Educación Física para 2ºB

ASEO/ROUPA:

Menos de 4 faltas corresponde un 10% da nota.

Máis de 4 faltas por avaliación será insuficiente.

Poderase facer práctica sen aseo si se trae a vestimenta correcta nas dúas primeiras faltas.

ASISTENCIA: é obrigatoria.

A partir da 3º falta sen xustificar documentalmente comeza a baixar a nota 0'25 puntos no global.

Se chega a 8 faltas (1 mes) sen xustificar documentalmente, será insuficiente na nota da avaliación correspondente.

A falta de puntualidade nas entradas ao colexio serán tomadas en conta si son repetitivas.

PRÁCTICA corresponde a un 40% da nota global. Abarca os seguintes puntos:

Implicación positiva na clase e esforzo por lograr os obxectivos propostos.

Participar activamente nos exercicios propostos respetando as súas normas.

Implicarse nas probas de valoración de contidos, esforzarse.

Axuda na colocación e recollida de material.

Adquirir contidos teóricos básicos das unidades didácticas e a súa utilización na práctica.

Facer o aseo de xeito adecuado sen alborotar no vestiario.

COMPORTAMENTO corresponde a un 40% da nota global. Abarca os seguintes puntos:

Comportamento adecuado nos traslados ás instalacións: non tirar aseo, alborotar a fila, empuxar, molestar aos demais compañeiros/as.

Cumprir coas normas da clase e respecto polo seu funcionamento: interromper nas explicacións, gracias a destempo,...

Respeto polos compañeiros/as e cara o mestre en todo momento.

Coidar as instalacións (ximnasio, pavillón e vestiarios) e o material utilizado.

8.3- LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

Por cada unidade didáctica principal teranse en conta os seguintes criterios de cualificación.

2º NIVEL		
CRITERIO	DESCRIPCIÓN	PORCENTAXE
"English Dossier"	Complétalo de xeito axeitado e de forma curiosa.	10%
Observación directa	Responde ás preguntas proposta en lingua inglesa, pola mestra e os/as compañeiros/as.	10%
Autoavaliación	Saber valorarse ante o traballo realizado	2,5%
Coavaliación	Implicación no proceso de ensino-aprendizaxe. Como nos valoran os demais ante a implicación nos procesos individuais e nos colectivos.	2,5%
Comportamento	Respectar as normas de convivencia para o establecemento da comunicación e traer o material.	15%
Proba obxectiva	Realizar unha proba por trimestre co vocabulario e estruturas traballadas.	60%
		100%

8.4- RELIXIÓN CATÓLICA

Os procedementos de cualificación son procesos de traballos individuais e traballos en grupo baseándose principalmente neste ciclo na observación directa dos rapaces. Un permitirá a obtención de información da cantidade de información que aprenden e a outra de cómo aprende.

8.5. EDUCACIÓN PLÁSTICA

Criterios de cualificación	%
Creatividade	30%
Presentación estéticas.	20%
Elaboración e seguimento das instrucións	30%
Respecto polo traballo dos demais e coidado dos materiais.	20%
TOTAL	100%

9. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN

Este ano dispórase neste ciclo dunha serie de reforzos feitos polo propio profesorado, para previr e axudar ás dificultades de aprendizaxe que xordan, sobre todo as máis comúns, relacionadas coa lectura, escrita e razoamento. Ao longo do curso, dependendo das necesidades atopadas na aula, o profesorado do centro que estea dispoñible realizará os apoios necesarios

A modalidade de reforzo elexida dependerá das dificultades do alumnado, podendo ser:

- Apoio dentro da aula, contando con dous mestres.
- Desdoblamento da aula en grupos de número máis reducido.
- Apoio fóra de forma individual e temporal, cando existan dificultades puntuais que o requiran.

O presente curso escolar tamén hai nenos con nee, así como alumnado con serias dificultades de aprendizaxe, polo que tamén se contará en momentos puntuais co apoio da especialista en pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.

9.1- EDUCACIÓN MUSICAL

A recuperación da materia ao longo do curso é fundamental para aqueles alumnos/as que presenten maiores dificultades no proceso de aprendizaxe. Neste sentido, aplicarase a dinámica de traballo que se explica a continuación.

O reforzo iniciárase a partir da segunda avaliación, aplicable a aqueles alumnos/as que non lograron aprobar a materia no primeiro trimestre. Dito alumnado contará con material de apoio proporcionado polo profesor e cunha axuda extra durante as clases ordinarias.

Así, nas probas ordinarias da segunda avaliación incluíranse aspectos da primeira, e nas da terceira incluíranse aspectos da primeira e segunda avaliación, posto que os contidos da materia de E.Musical son sumativos. É dicir, non se pode traballar con compases sen antes coñecer a duración de cada figura musical e respectivo silencio.

9.2- LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

Neste apartado da programación centrarémonos no reforzo educativo, medida que afecta a elementos non prescritivos do currículo non necesita autorización. Elabórase a mestra que imparte a área na que o alumno necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor, quen llo comunicará ao equipo directivo e á familia. Desenvólvese no contexto escolar ordinario pola mestra que imparte a área, coa colaboración, no seu caso, doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír, en ningún caso, á actuación habitual da mestra.

As actividades de recuperación e dado que se trata dunha lingua estranxeira terán que por o acento na utilización de medios audiovisuais. O enfoque comunicativo nesta etapa educativa ten como obxectivo prioritario a comunicación oral. O descubrimento guiado faise a medida

que avanzamos nas unidades didácticas, máis a recuperación en si mesma faise de xeito oral, cando se revisa no “warming up” estruturas e vocabulario xa traballado ou cando, nos traballos colectivos, titoría entre iguais ou achegas individuais establécese o afianzamento de estruturas comunicativas funcionais nas que o alumnado manifesta dúbidas.

Faise necesario que ó alumnado que presenta dificultades se lle ofrezca actividades que non lle resulten inalcanzábeis senón que lle sexan atractivas. Entre as actividades de reforzo máis valoradas polo alumnado están as actividades dixitais: uso de “websites” ou no seu defecto gravacións en CD-ROM ou DVD, co fin de visionalos posteriormente nas súas súas residencias, dado que non se conta con dous ordenadores por aula para que o alumnado reforce os contidos. Disporase de varias gravacións dado que non todas as familias dispoñen de acceso a internet.

Actividade: Saúdos .

Obxectivo: Practicar os saúdos.



Actividade: Presentacións.

Obxectivos: Saber presentarse e dicir a idade.



Actividade: As cores

Obxectivo: Identificar as cores.




Actividade: House/At home.

Obxectivos: Identificar partes da casa.



Actividade: Body parts.

Obxectivo: Identificar partes do corpo.



Actividade: Family.

Obxectivo: identificar os membros da familia.



Actividade: Food.

Obxectivo: Identificar alimentos e recoñecer a pregunta Do you like ...?



Actividade: Animals.

Obxectivo: Identificar diferentes animais.



Actividade: Actions.

Obxectivo: Identificar accións deportivas.



Actividade: Clothes.

Obxectivos: Identificar a roupa.



9.3. EDUCACIÓN FÍSICA

Os Reforzos fanse a medida que transcurren as clases, vanse dividindo en grupos de nivel ou mezclando equitativamente dependendo do caso e da práctica, deste xeito van tirando uns dos outros/as anímicamente e no esforzo.

9.4. EDUCACIÓN PLÁSTICA

Durante a presentación de novos contidos faremos referencia e repasaremos contidos xa aprendidos deste xeito será máis sinxelo adquirir os novos e non se esquecerán os xa aprendidos.

No momento en que se detecte calquera problema para seguir a clase pedirase aos demais compañeiros da aula que presten axuda a aqueles/as alumnos/as con máis dificultade

10. METODOLOXÍA DIDÁCTICA. COMPETENCIAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR

A incorporación das competencias básicas no currículo da educación primaria require reconsiderar a práctica educativa para permitirlle ó alumnado integrar as súas aprendizaxes relacionándoas con diferentes tipos de contidos e poder usalos e aplicarlos a situacións e contextos variados. Consecuentemente, a práctica educativa debe:

- Salientar as aprendizaxes básicas e seleccionar os contidos máis relevantes para acadar as competencias.
- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
- Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara á súa aplicación.
- Procurar que o alumnado aprenda a aprender.
- Favorecer o traballo cooperativo.
- Fomentar habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da información.

Partindo desto levaranse a cabo as seguintes estratexias metodolóxicas:

- Desenvolvemento en espiral e globalización.
- Metodoloxía activa que potencie a construción de aprendizaxes significativas.
- Atender á diversidade do alumnado.

Participación activa e dinámica dos alumnos. A adquisición da competencia en comunicación lingüística na Etapa de Educación primaria céntrase no uso social da lingua en diferentes contextos: privado, público, familiar e escolar. Arredor deste fío conductor artículanse os contidos en diferentes bloques.

Escoitar e falar, comezan ca escoita do texto narrativo. A lectura complétase co traballo de comprensión lectora (antes e despois de ler). Ademais das preguntas directas sobre o texto, plantéxanse actividades de valoración do texto, encamiñadas a que os alumnos desenrolen as destrezas orais necesarias nun contexto escolar.

Como repaso dos coñecementos adquiridos na educación Infantil, algúns contidos céntranse na lectoescritura, en asociación de son e grafía. Educación Literaria agrupa os contidos relacionados coa lectura e interpretación de textos literarios. Ofrécense diferentes textos poéticos con ritmo y rima, tendo en conta as grafías que xa poden ler os alumnos. Estes textos favorecen unha experiencia placenteira coa lectura e axudan a crear o hábito lector.

As matemáticas na Educación Primaria concíbese como un conxunto de saberes que permiten obter información numérica e xeométrica do contorno para analizar situacións e obter conclusións que non estaban explícitas.

Partirase da propia experiencia dos alumnos/as, por iso débese comezar por situacións reais e próximas ó neno. Este debe ser un principio permanente en tódalas unidades.

A aprendizaxe prodúcese a través da interacción cos alumnos/as en diversos tipos de agrupamentos dependendo da actividade a realizar (individuais, en parella, en grupo...)

Estimúlase a participación nas actividades e evítase todo tipo de discriminación e isto servirá para estimular a súa autoestima e fomentarase a aprendizaxe colaborativa.

Adecúanse as aprendizaxes ás posibilidades de cada neno/a e ao seu ritmo madurativo. As actividades de motivación servirán para descubrir os coñecementos e experiencias previas. As actividades de reforzo e ampliación axustarán o proceso ás necesidades dos distintos alumnos. A adquisición da competencia cultural e artística na Educación Primaria céntrase no achegamento e aprecio de diferentes manifestacións culturais e artísticas para utilizalas como fonte de enriquecemento persoal, e no despertar da sensibilidade cara a estas como parte da cultura universal.

10.1- EDUCACIÓN MUSICAL

Todas as estratexias metodolóxicas empregadas pretenden que o alumno/a aprenda explorando e descubriendo. Para iso, é necesario partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, é dicir, prestar especial atención aos coñecementos previos, para construír a partir de aí outras aprendizaxes que favorezan e melloren dito nivel de desenvolvemento. Isto tradúcese nunha atención individualizada que responda aos diferentes ritmos de aprendizaxe, pero sen esquecermos de traballar colectivamente. Polo tanto, o docente perde protagonismo como única fonte de saber e pasa a ter un papel de colaboración e axuda no descubrimento e na aprendizaxe dos coñecementos que levan a termo os

alumnos/as. A perda de protagonismo do docente refléctese nunha maior atención á diversidade e nunha maior colaboración e compañeirismo entre o alumnado.

Outro aspecto remarcable é que o uso de recursos tecnolóxicos estimulan a autoaprendizaxe de maneira divertida. Ademais a inmediatez na resposta das ferramentas informáticas potencia a autocorrección daquelo que se está facendo mal, favorecendo a experimentación e posterior aprendizaxe.

En xeral, como se pode percibir, empregárase o xogo como base da aprendizaxe, integrando en todo momento aos alumnos/as nas actividades dunha forma activa e participativa, e propiciando a improvisación e a creatividade como medios para desenvolver a autoestima e a seguridade.

10.2- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Para 2º A

Pretendemos que o alumnado exploren, descubran e crean nas súas posibilidades de movemento, xunto a unha valoración das mesmas. Prestaremos especial atención aos coñecementos previos que teñen os/as alumnos/as, e as súas diferencias específicas debidas ao factor sexo. Todo isto lévanos a unha atención individualizada, que responda aos diferentes ritmos de aprendizaxe e que respecte as dificultades que cada alumno/a poida atopar.

Non hai que conseguir unha resposta motriz única e válida para tódolos/as alumnos/as, senón mellorar a súa competencia motriz con respecto ao punto de partida.

O/A neno/a a través do xogo de ocupación do espacio e de exercitar aspectos temporais, aprende a utilizar e organizar o movemento. Máis adiante combina aspectos de espacio e tempo en estruturas máis complexas.

Trataremos de desenrolar nos/as alumnos/as capacidades motrices e habilidades e destrezas básicas para futuras prácticas da actividade física.

Establécense situación nas que se deben dar unas respostas motrices, coma a realización de diferentes tipos de xogos, cunha dificultade gradual.

As situación de ensino- aprendizaxe contemplan contidos propios da expresión corporal, que nestas idades danse moi relacionadas cos contidos e habilidades perceptivas e

esquema corporal, e ademais, actividades xenéricas de ensino- aprendizaxe con contidos de expresión e comunicación.

Dentro da área de Educación Física sistematizados contidos referentes á saúde corporal e incluimos procedementos e actitudes considerados beneficiosos para o coidado que require o corpo. Tamén se terán en conta os contidos transversais no momento axeitado.

Desenrolaremos xogos de todo tipo: de cooperación, cooperación/ oposición, de destreza e adaptación, de habilidades deportivas, tradicionais e autóctonos, de simulación, no campo.

As agrupacións de alumnos/as serán as que determine en cada momento: individual, por parellas, pequeno grupo, grupo clase, etc.

Para 2º B

Farase uso dunha metodoloxía individualizada, inclusiva, activa e participativa para que se responda aos diferentes ritmos de aprendizaxe, e se respecte as dificultades que cada alumno/a poida atopar.

Pretendemos que os nenos e nenas exploren, descubran e crean nas súas posibilidades de movemento, xunto a unha valoración das mesmas, prestando especial atención aos coñecementos previos que teñen os/as alumnos/as, e as súas diferencias específicas e distintos ritmos, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo. Todo isto sen esquecer a diversidade do grupo-clase, atendendo as súas necesidades en todo momento.

Non hai que conseguir unha resposta motriz única e válida para tódolos/as alumnos/as, senón mellorar a súa competencia motriz con respecto ao punto de partida.

O/A neno/a a través do xogo de ocupación do espacio e de exercitar aspectos temporais, aprende a utilizar e organizar o movemento. Máis adiante combina aspectos de espacio e tempo en estruturas máis complexas.

Trataremos de desenrolar nos/as alumnos/as capacidades motrices e habilidades e destrezas básicas para futuras prácticas da actividade física.

Establécense situación nas que se deben dar unas respostas motrices, coma a realización de diferentes tipos de xogos, cunha dificultade gradual.

As situación de ensino- aprendizaxe contemplan contidos propios da expresión corporal, que nestas idades danse moi relacionadas cos contidos e habilidades perceptivas e esquema corporal, e ademais, actividades xenéricas de ensino- aprendizaxe con contidos de expresión e comunicación.

Dentro da área de Educación Física temos contidos referentes á saúde corporal e incluímos procedementos e actitudes considerados beneficiosos para o coidado que require o corpo. Tamén se terán en conta os contidos transversais no momento axeitado durante tódalas sesións.

Desenrolaremos xogos de todo tipo: de cooperación, cooperación/ oposición, de destreza e adaptación, de habilidades deportivas, tradicionais e autóctonos, de simulación, no campo.

Para levar a cabo todo este traballo, farase uso de agrupacións: individual, por parellas, pequeno grupo, grupo clase; usaranse estratexias globais e analíticas, técnicas de indagación e instrucción directa co seu correspondente estilo de ensinanza (mando directo, asignación de tarefas, ensinanza recíproca, descubrimento guiado, resolución de problemas e libre exploración do medio).

10.3- LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

En lingua inglesa síguese un enfoque comunicativo que permita aprender ao alumnado unha linguaxe funcional, podendo transferir o vocabulario e estruturas lingüísticas en diferentes situacións e contextos variados.

Esta circunstancia fai que teñamos que optimizar a aprendizaxe do alumnado logrando que presenten un baixo nivel de estrés, o que o lingüista e pedagogo Krashen denomina “low affective filter”. E dicir, como profesionais dunha lingua estranxeira temos que conseguir que o alumnado amose unha actitude positiva cara a aprendizaxe. Polo tanto, terase en conta a frecuente utilización do TPR (Total Physical Response), onde os nenos e nenas responden con movementos corporais a estímulos auditivos, instrucións, cancións, xogos.

En todas as sesións se teñen en conta, actividades de: “warming up activities”, “developing activities” e “closing activities” que permiten adiantar ao alumnado o que imos traballar no transcurso da sesión. O obxectivo é crear unha clima afectivo que permita que a comunicación xurda xa non por parte da mestra senón que utilizando as múltiples linguaxes

(xestual, oral, artística, cenestésica, musical...) o alumnado sexa quen de interactuar alcanzando un grao de competencia lingüística satisfactorio grazas á as aportacións que o resto de competencias teñen na adquisición dunha lingua.

Entre as actividades propostas temos que destacar a utilización de contos ou historias, xogos, cancións e traballos cooperativos que permiten a aprendizaxe da lingua estranxeira dun xeito natural. Incídese nun enfoque globalizador, en especial, polas achegas que dende a área de inglés se farán ao traballo documental integrado, proposto pola biblioteca escolar e pola promoción da educación en valores nas unidades

A organización do alumnado terase en función de si se trata dun traballo individual, en parellas, en pequeno grupo ou gran grupo (o conxunto da clase), promovendo fundamentalmente o traballo cooperativo.

A metodoloxía será integradora, potenciando a escoita e a fala, sen esquecer a lectura e a escritura dado que adquisición dunha lingua pasa polo uso destas catro destrezas (escoitar, falar, ler e escribir).

10.4- RELIXIÓN CATÓLICA

En canto a metodoloxía tendremos presente en todo momento os principios metodolóxicos básicos, como os aprendizaxes significativos e funcionais partindo en dos intereses do alumno e tendo coñecemento previo dos coñecementos do alumno. O proceso de ensinanza-aprendizaxe iníciase sempre con unha serie de actividades orais a partir dunha imaxe dunha historia , ou dun feito que aconteceu no propio centro . Se deixará plena liberdade o rapaz para o comentario , explicación....Preténdese que o rapaz participe activamente , parir da propia experiencia ou dende os coñecementos previos. A través dos traballos en grupo deixaremos que os rapaces unha vez se lles aporte o materias necesario investiguen , buscando fontes de información para a realización de traballos .

O que se pretende é partir do interese do alumno, e que o aprendizaxe lle resulte significativo. Os agrupamentos serán flexibles dependendo do tipo de actividade a realizar e a aula na que nos atopemos. O desenvolvemento das unidades terá un enfoque integrador, alternándose actividades de diversa natureza (observación, expresión, valoración, creación, investigación) a través da actuación do profesor (motivación, explicacións, exemplificacións, preguntas, propostas de tarefas, etc.) e coa participación activa dos alumnos e alumnas. As actividades realizaranse nun contexto lúdico. Prestarase unha atención individualizada para comprobar os avances e as dificultades así como os ritmos de aprendizaxe para aportar a axuda pedagóxica necesaria. Esta atención individual servirá tamén para suscitar actividades de reforzo e ampliación. Utilizamos o método de ensino colectivo, nos momentos en que o profesor fai a presentación das distintas actividades e á hora de sintetizar a unidade. O espazo habitual da actividade docente é a aula, podendo utilizarse outros espazos do colexio como a biblioteca, a aula de usos múltiples, a aula de medios audiovisuais e ata o patio do colexio.

Ao longo do proceso estimularase aos alumnos a través do emprego do reforzo positivo, valorando os éxitos de cada neno/pícaro.

1.5. EDUCACIÓN PLÁSTICA

Decantámonos por un enfoque comunicativo que permita aprender ao alumnado unha linguaxe funcional, podendo transferir o vocabulario e estruturas lingüísticas en diferentes situacións e contextos variados.

Todas as sesións empezaran con Warm-up activities (actividades de quecemento) onde se repasará a lingua inglesa despois pasaremos a actividade central que será a realización da obra plástica para rematar cunha pequena actividade de repaso e despedida.

As unidades didácticas van contar con varios tipos de actividades:

Actividades de presentación: presentamos o contido básico da unidade mediante unha actividade sencilla.

Actividades de práctica: Posta en práctica dos novos conceptos aprendidos tendo en conta e aplicando conceptos que xa coñecemos.

Actividades de valoración de obras artísticas: nas distintas unidades sempre traballaremos con obras artísticas do pintor.

Traballo en inglés: a materia impartirase en inglés e terase en conta a programación da área de Lingua Inglesa para aprender novo vocabulario e estruturas lingüísticas. Decídeuse que se traballarían conjuntamente nas dúas materias os seguintes conceptos:

- Números do 1 ao 20.
- Cores: *red, green, brown, black, pink, blue, orange, black, yellow, white.*
- Recoñecemento e uso de fórmulas e expresións básicas para a relación social (*saudar, despedirse, pedir información, disculparse*).
- Intercambio de información sobre a identidade de algo e expresión das súas características físicas: *What is it?, What colour is it?, It's white...*
- Obxectos da clase: *desk, chair, school bag, notebook, pen, ruler.*
- Preposicións: *in, on, under.*
- Animais: *dog, cat, crocodile, tiger, gorilla ...*
- Partes do corpo dos animais: *eyes, mouth, legs, wings, antennae...*
- Verbos: *make, go, fold, cut...*
- Expresión da posesión a través do verbo have got: *"I've got...", "I haven't got", "Have you got...?"...*
- Adxectivos: *long, big, small, short...*
- Expresión dos gustos propios (*I like, I don't like*).
- Recoñecemento e uso da expresión *thank you* para dar as grazas.
- Recoñecemento e uso das expresións *Can I have...? e Here you are, en situacións de comunicación concretas.*
- Estacións do ano.
- O tempo atmosférico: *cold, snowing, cloudy, sunny, raining.*

- Accidentes xeográficos: *mountains, beach, river...*

O alumnado organizarase en distintos tipos de agrupamento segundo a actividade:

- Gran grupo.
- Pequeno grupo.
- Parellas.
- Traballo individual.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Entenderase a atención á diversidade como un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás necesidades educativas que delas se desprenden, as necesidades derivadas de problemas de adaptación socioeconómica, alumnado de altas capacidades, alumnado procedente do estranxeiro, alumnado con dificultades emocionais, alumnado con nee...

A primeira medida de atención á diversidade será o reforzo educativo na aula impartido polo propio mestre, adaptando os recursos e a metodoloxías ás características dos alumnos e alumnas e ás súas necesidades, que serán avaliadas de xeito individualizado. Se estas medidas ordinarias non foran suficientes, pediríase a través do departamento de orientación a intervención dos mestres especialistas en pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe, así como as valoracións pertinentes.

As medidas ordinarias que se tomarán como atención á diversidade son:

- Medidas de organización da aula que se consideren máis oportunas, como potenciar o traballo en grupos, heteroxéneos en capacidades e intereses ou a titoría entre iguais.
- Reforzo por parte doutros mestres, especificado no punto 9.
- Adaptación da secuenciación e ritmo dos contidos a traballar:
 - a. Axuste dos tempos das actividades
 - b. Adaptacións dos recursos

-
- c. Atención individualizada
 - d. Organización dos espazos e materiais
 - e. Actividades de reforzo de contidos
 - f. Actividades de ampliación de contidos

Este curso temos varios casos de nenos con necesidade específica de apoio educativo no 2º curso, polo que se solicitará revisión de casos e seguemento dos mesmos, coa fin de poder anticipar as dificultades e intervir de forma efectiva (alumnado con superdotación, alumnado repetidor...).

11.1- EDUCACIÓN MUSICAL

No caso concreto deste centro hai dous alumnos con necesidades específicas de apoio educativo neste nivel, polo que a maioría do alumnado soamente presenta diferentes ritmos de aprendizaxe e diferentes intereses. Para solventar estas necesidades e poder atender á diversidade existente nas dúas aulas do 2º Curso de E.Primaria, levaranse a cabo as seguintes actividades xerais:

- Realizar actividades previas á introducción de cada unidade para que tódolos alumnos/as recorden os coñecementos previos que teñen sobre o tema e non comece dende cero.
- Realizar actividades de reforzo sobre os contidos aprendidos, para que aqueles alumnos/as que presenten dificultades poidan seguir o currículo.
- Realizar actividades de ampliación sobre os contidos aprendidos en cada unidade, para que aqueles alumnos/as estén máis avanzados poidan ampliar os seus coñecementos sobre a materia (un dos alumnos con N.E.A.E. ten sobredotación).

Nembargantes, no caso puntual de cada alumno/a empregaranse as técnicas e actividades necesarias en función da necesidade específica de apoio educativo que presente.

11.2- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Para 2º A

O sistema educativo baséase no **principio de normalización e inclusión**, todas as persoas con Necesidades Educativas Especiais deben recibir a atención necesaria a través dos centros ordinarios, xa que só se levará a cabo a incorporación en centros especiais cando as súas necesidades non poidan ser atendidas en centros ordinarios. Isto axudará a favorecer a igualdade, socialización, xusticia e o mellor desenvolvemento do alumnado.

Esta programación dará resposta a tódolos alumnos-as, xa que sería importante destacar que a atención á diversidade debería ampliarse, posto que hai alumnos que poden ter outro tipo de necesidades como: problemas socioeconómicos, situación familiar desfavorable, dificultades de aprendizaxe, desmotivación, problemas de socialización e relación cos demais.

Adaptarémonos aos seus ritmos de aprendizaxe, nivel físico, coñecementos previos, bagaxe motora, a través dun Ensino Individualizado, prestándolles especial atención a aqueles alumnos que o necesiten aínda que nunca con excesivo proteccionismo xa que o obxectivo é que se desenvolvan o máis autónomamente posible.

Para 2º B

O sistema educativo baséase no principio de normalización e inclusión, todas as persoas con Necesidades Educativas Especiais deben recibir a atención necesaria a través dos centros ordinarios, xa que só se levará a cabo a incorporación en centros especiais cando as súas necesidades non poidan ser atendidas en centros ordinarios. Isto axudará a favorecer a igualdade, socialización, xusticia e o mellor desenvolvemento do alumnado.

Esta programación dará resposta a tódolos alumnos-as, xa que sería importante destacar que a atención á diversidade debería ampliarse, posto que hai alumnos que poden ter outro tipo de necesidades como: problemas socioeconómicos, situación familiar desfavorable, dificultades de aprendizaxe, desmotivación, problemas de socialización e relación cos demais. Adaptarémonos aos seus ritmos de aprendizaxe, nivel físico, coñecementos previos, bagaxe motora, a través dun ensino individualizado, prestándolles especial atención a aqueles alumnos que o necesiten, aínda que nunca con excesivo proteccionismo, xa que o obxectivo é que se desenvolvan o máis autónomamente posible.

11.3- LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

Temos que remarcar que non todos os alumnos e alumnas aprenden da mesma forma ou ao mesmo ritmo. Entre as medidas de atención á diversidade temos que destacar as medidas ordinarias (reforzamento educativo, desdobres de aulas sempre que exista horario dispoñible do profesorado, programas de enriquecemento) e as medidas extraordinarias (ACS, agrupamentos flexibles). Antes de chegar ao establecemento destas medidas na aprendizaxe da lingua estranxeira e co fin de promover o principio de inclusividade teranse en conta as seguintes estratexias didácticas:

- Realización de actividades de distintos niveis de acceso ás mesmas.
- Proporción axeitada do tempo para a abordaxe das tarefas, acordo ás necesidades do alumnado.
- Valoración das distintas intelixencias múltiples e dos distintos estilos de aprendizaxe.
- Realización de traballos cooperativos en grupos heteroxéneos.
- Realización de actividades adicionais de lectura, onde os nenos e nenas recoñezan o vocabulario, ou de escritura, onde o alumnado escriba palabras. En ámbalas dúas aparecerán palabras con debuxos.
- Crear momentos de distensión durante as sesións para a manifestación dos estados de ánimo.
- Promoción das habilidades sociais: saudarse, despedirse, saber pedir as cousas, saber dicir grazas, pedir desculpas, aceptar as desculpas, aprender a preguntar, etc...
- Realización de actividades de ampliación para os nenos e nenas que rematan antes en cada unidade e que serven para consolidar a aprendizaxe dunha forma amena.
- Utilización de estratexias moi sinxelas para aprender a aprender a través de recursos como a repetición sonora en voz alta ou de movemento, emprego de dicionarios visuais, completar cancións e chants que foran previamente traballados.etc...

11.4- RELIXIÓN CATÓLICA

En todo momento estará presente o respecto a diversidade de acordo cos principios de non discriminación , normalización e inclusión educativa establecidos na legislación vixente ,en todo momento se repeterán as diferencias educativas do noso alumno/a , tanto no ritmo de aprendizaxe como no nivel de partida e de coñecemento, levando un seguimento e procurando en todo momento adaptar o alumno tanto o

material, a explicación, a maneira de organizar os grupos para tratar de conseguir a súa motivación, e a súa plena inclusión acadando así os obxetivos que para eles foran establecidos sempre na procura dun ensino de calidade, igualdade e equidade educativa.

Planificaremos e desenvolveremos un programa coherente que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, que poidan xurdir a nivel de grupo ou de maneira individual.

Empregaremos actividades de reforzo e de ampliación de cada unidade didáctica, actividades diversas con diferentes soportes que axuden a desenvolver a comprensión lectora facilitando en todo momento a participación e a inclusión de todo alumno no grupo clase e nas actividades de aula.

11.5. EDUCACIÓN PLÁSTICA

En todas as aulas hai alumnos/as con distintos ritmos de aprendizaxe e distintos ritmo de traballo, por iso moitas veces faise preciso atender á diversidade. Para facer isto, levaranse a cabo as seguintes medidas:

- Simplificar algunhas actividades que para algún alumno/a poida resultar máis costosa.
- Realizar actividades de reforzo para mellorar o vocabulario que estamos aprendendo.
- Realizar traballos cooperativos e en grupos heteroxeneos onde todos poidan colaborar.
- Utilizar distintos tipos de metodoloxía co fin de estar en contacto con todas as necesidades e intereses dos alumnos/as.

12. ADAPTACIÓNS CURRICULARES

As adaptacións curriculares son unha medida extraordinaria de atención á diversidade, que fan referencia ao último nivel de concreción curricular e que, no caso de levarse a cabo, haberá que valorar ter esgotadas todas as medidas anteriores.

Este curso escolar 2014/15 o alumno diagnosticado con superdotación, está pendente da valoración dunha posible ampliación do currículo. Tamén hai dous alumnos repetidores cun desfase curricular importante, un deles con nee (polo que se valorará a posibilidade de realizar unha AC na área das linguas).

13. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Na lei educativa, a *L.O.E.*, o que tradicionalmente se denominaban contidos transversais, pasan a chamarse actualmente Educación en valores

Os **contidos transversais** non aparecen asociados a ningunha materia nin área concreta de coñecemento, senón a todas. Deste xeito, son contidos que deben desenvolverse dentro das áreas curriculares. Ademais, son contidos relativos principalmente a valores e actitudes pretendendo que o alumnado sexa capaz de elaborar os seus xuízos críticos ante os posibles problemas. Por tanto, debido á súa importancia, serán traballados nesta programación.

Os **valores** que se tratarán interdisciplinarmente ao longo do curso serán os seguintes:

- *Educación Moral e Cívica*: dende a propia práctica educativa, axudarase a promover actitudes de tolerancia e respecto a través de actividades que fomenten a reflexión e a diversidade de puntos de vista entre o alumnado. Do mesmo xeito, o feito de levar a cabo unha metodoloxía onde se desenvolva non só a persoa a nivel individual senón en relación co grupo-clase, da lugar a que se xeren actitudes de colaboración e coordinación nesas pequenas comunidades de aprendizaxe.
- *Educación para a Paz*: preténdese que o alumnado adquira actitudes que favorezan a resolución pacífica de conflitos entre o mesmo e tamén cara a realidade social. De igual modo, como acontecemento significativo, traballarase o Día da Paz co alumnado, sen que isto supoña o tratamento exclusivo destes contidos neste día, senón que será no día a día da clase, é dicir, na convivencia entre o alumnado onde se adquiren ditos valores e actitudes.
- *Educación para a saúde e a calidade de vida*: dende a práctica educativa, búscase que o alumnado sexa consciente da necesidade do coidado da súa saúde, o que levará unha determinada calidade de vida. Así, a través dos contidos tratados a través de diversas unidades didácticas como os deportes, o corpo humano, os sentidos... traballarase os hábitos de vida saudables e os coidados do corpo humano.
- *Educación para a Igualdade de Oportunidades entre sexos*: no desenvolvemento da programación procurarase o non tratamento diferenciado entre os alumnos e as alumnas á hora de deseñar as actividades. De igual modo, pretenderase que o alumnado adquira

actitudes e valores de non discriminación por razón de sexos, e a necesidade de igualdade no tratamento de determinados aspectos e contidos. Así, por exemplo, respecto á Unidade didáctica 5, que trata a familia, non se establecerán diferenzas na realización das tarefas domésticas segundo o sexo da persoa.

- *Educación para o Ocio*: búscase que o alumnado saiba desenvolver a capacidade de aproveitar o tempo de lecer en actividades que fomenten o desenvolvemento persoal.

- *Educación Ambiental*: durante o desenvolvemento da programación traballarase aspectos relacionados co contorno e o coidado do mesmo, potenciando no alumnado o respecto pola natureza. Ademais, afondarase en conceptos como a contaminación, a reciclaxe,... e os procedementos e actitudes que se necesitan para afrontar responsabilidades cara o coidado medio ambiente.

- *Educación Sexual*: preténdese que o alumnado coñeza e aprecie os aspectos biolóxicos, emocionais e sociais da sexualidade, así como os papeis sexuais femininos e masculinos no exercicio da sexualidade como unha actividade de plena comunicación entre as persoas.

- *Educación Viaria*: directamente relacionada con este contido transversal por tratar a seguridade viaria (sinais de tráfico e normas de circulación para os peóns)

- *Educación para o Consumidor*: dende a práctica docente procurarse que o alumnado adquira a capacidade de emitir xuízos críticos sobre a información que pode atopar non só nos medios de comunicación (televisión, radio, internet...) se non tamén aquela que se expón dende a realidade máis próxima.

Dende as propias áreas, débese fomentar ditos valores, de aí a idea fundamental de **interdisciplinariedade** que se debe dar da relación entre tódalas áreas e materias curriculares. Polo tanto, con dita interdisciplinariedade preténdese que o alumnado non cree na súa mente compartimentos estancos, senón que saiba relacionar o traballado nas diferentes materias e atope unha aplicación das aprendizaxes alcanzadas na vida diaria.

A educación en valores é aquela que se ten que tratar en tódalas áreas indistintamente, por ter una grande importancia de cara a unha futura inserción na sociedade, xa que trasmiten unha serie de valores e actitudes que axudarán á integración do alumno-a na nosa esfera social. Atendendo o actual currículo de Educación Física son os seguintes:

Educación moral e cívica: buscarase que o alumnado respete unha serie de normas e regras para levar a cabo o desenvolvemento das actividades de xeito adecuado, ademáis de ensinar os nenos/as a convivir de maneira respetuosa e coherente.

Educación para a paz: a educación física será unha área privilexiada para que o alumno adquira unhas actitudes de respecto, colaboración, solidariedade, participación, etc.

Educación para a igualdade entre sexos: intentarase evitar as discriminacións existentes por razón de xénero en algunhas actividades físicas nas que primen a habilidade do participante, a súa condición física... ou tamén nunha manifestación artística, erradicando así os roles sexuais e sociais establecidos na nosa cultura.

Educación ambiental: buscarase desenvolver unha reflexión crítica do alumnado con respecto ao medio ambiente, en relación ao seu coidado e conservación.

Educación vial: ensinar ao alumnado a desprazarse de forma autónoma e segura, por medio de simulacións e actividades de diferentes tipos.

Educación para o lecer: os alumnos/as aprenderán a utilizar o seu tempo libre mediante o coñecemento e práctica de xogos e actividades deportivas.

Educación do consumidor: intentarase conseguir que o alumnado adquira unha actitude crítica e responsable fronte ao consumismo existente que provoca á sociedade ó realizar gastos inútiles en moitas ocasións en artigos innecesarios (como material deportivo).

Educación para a saúde e calidade de vida: a educación física é un medio adecuado para que o alumno comprenda os efectos da actividade física no seu corpo e saúde.

No artigo 4, do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia dize que “os centros docentes desenvolverán e concretarán o currículo establecido neste decreto. Estas concrecións formarán parte do proxecto educativo, así como o tratamento nas distintas áreas de educación en valores, a educación moral e cívica, a educación para a paz, a igualdade de oportunidades entre os sexos, a educación ambiental, a educación sexual, para a saúde e a calidade de vida, a educación para o lecer e a educación do consumidor e a viaria.”

NIVEL 2

UNIDADE	EDUCACIÓN EN VALORES	OBXECTIVOS
INTRODUCCIÓN: HELLO AGAIN!	Educación moral e cívica.	Valorar a importancia de amosar educación cando se coñece a alguén. Amosar respecto polos tipos de casas doutras culturas. Comprender a importancia de seguir rutinas no fogar.
UNIDADE 1: HOUSE ZONE	Educación para a paz e educación moral e cívica.	Valorar a importancia de utilizar medios de transporte ecolóxicos e saber respectar os sinais de tráfico.
UNIDADE 2: TOY ZONE	Educación medioambiental e viaria.	Respectar aos animais e aos seus hábitats como parte do medio ambiente.
UNIDADE 3: JUNGLE ZONE	Educación medioambiental.	Valorar a importancia de respectar a forma de vestir tradicional doutras culturas.
UNIDADE 4: CLOTHES ZONE	Educación para a paz e educación moral e cívica.	Comprender a importancia de disfrutar das actividades de tempo libre como por exemplo visitar
UNIDADE 5: PLACES ZONE	Educación para o lecer e educación para a saúde.	

UNIDADE 6: BEACH ZONE	Educación medioambiental e educación para a saúde.	parques de atraccións. Comprender a importancia de manter as praias limpas e de reciclar para protexer o medio. Comprender a importancia de protexer o corpo das radiacións nocivas como a ultravioleta.
HALLOWEEN	Educación para o lecer.	Desfrutar da celebración do Halloween.
CHRISTMAS	Educación para o lecer.	Gozar coñecendo os personaxes tradicionais do Nadal.

3.3. EDUCACIÓN PLÁSTICA

Dende á área de plástica tentarase promover a educación en valores e traballaremos aspectos como :

- A igualdade de oportunidades entre os sexos.
- A educación para a paz.
- A educación para a saúde.
- A educación para o consumo responsable.
- A educación viaria.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

O **obxectivo final** da aprendizaxe das habilidades necesarias para ler comprensivamente é conseguir **lectores autónomos**, que lean correctamente (con seguridade, fiabilidade e fluidez axeitados), comprendendo o significado do texto (extraendo o significado do texto de maneira global ou dos diferentes apartados incluídos no mesmo) e conectando os novos conceptos cos coñecementos previos e incorporándoos ao seu coñecemento (aplicando os novos conceptos a situacións que o precisen). Estes lectores autónomos serán capaces de:

Aprender autonomamente.

Acceder á cultura

Descubrir o pracer de ler.

O Proxecto Lector está estreitamente relacionado con todas as competencias básicas do currículo, especialmente, coa competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística e competencia para aprender a aprender; porque promove:

- ◆ O fomento da lectura.
- ◆ O desenvolvemento da lectura comprensiva de forma progresiva e continuada desde os primeiros niveis de escolarización en EI, na EP e na ESO.
- ◆ A lectura en todo tipo de textos (literarios, expositivos, científicos, publicitarios, gráficos); en soporte impreso ou dixital; con todo tipo de finalidades.
- ◆ A educación en información, utilizando os recursos impresos e as tecnoloxías da comunicación e da información (TIC'S), ao alcance do alumnado, empregadas funcionalmente e de forma eficaz, comprensiva e ética.

- **Obxectivos concretos**

- Considerar a comprensión lectora como unha materia transversal e como a base de toda aprendizaxe
- Abordar a lectura de todo tipo de textos en calquera soporte: libros, revistas, xornais, anuncios, etiquetas, recibos, facturas cd-rom, xogos multimedia, lectura en rede, gráficos, gráficas, mapas, planos, problemas, táboas, imaxes...
- Enseñar ao alumnado técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora
- Incorporar a lectura literaria e non literaria na práctica diaria cun tempo mínimo de ½ hora ao día.
- Conquerir unha lectura segura, fiable e fluida con todo tipo de textos .
- Comprender os textos lidos (ou escoitados) mediante estratexias aplicadas a este fin como: identificar as ideas principais e secundarias, os personaxes, a estrutura do texto, a intención...
- Producir textos coherentes e ben estruturados en soporte impreso e dixital.

- Introducir a biblioteca escolar no desenvolvemento do currículo.
- Converter a biblioteca escolar nun espazo referente da vida diaria do centro
- Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos seus fondos e as distintas seccións en que están distribuídos.
- Coñecer e aplicar as normas de funcionamento da biblioteca escolar.
- Capacitar ao alumnado para o uso autónomo da biblioteca escolar, e por extensión, doutras bibliotecas.
- Diseñar actividades de alfabetización informacional e educación documental
- Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, libros informativos, internet...), a selección crítica da información e a construción autónoma do coñecemento.
- Empregar funcionalmente as fontes informativas de forma eficaz, comprensiva e ética.

O centro implantou unha sesión lectora de 25 minutos diarios despois do recreo que cada titor organiza da forma que mellor considera (reflexado no plan lector de aula).

Actividades previstas no P.L.C. Temporalización das actividades según o acordado no mesmo.

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Visitas guiadas á biblioteca escolar para ler os carteis, coñecer as seccións, diferenciar os libros das distintas seccións, observar a etiqueta que identifica a cada un, analizar os datos de cada etiqueta...	Puntual	Fondos da biblioteca escolar
Visitar outras bibliotecas (municipal de Lousame, municipal de Noia....)	Puntual	Outras bibliotecas
Acceder aos fondos usando un marcador	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar e marcadores persoais

Lectura silenciosa e individual de libros de ficción e informativos.	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar, doutras bibliotecas, fondos persoais e materiais temáticos de exposicións, maletas viaxeiras...
Narración dun conto ou poemas polo profesor e polo neno	Sistemática	Contos diversos
Realización e exposicións de debuxos ou traballos plásticos relacionados coas lecturas	Puntual	Obxectos variados
Elaboración de contos	Puntual	Obxectos puntuais
Dramatización das lecturas	Puntual	Materiais bibliográficos e material funxible

14.1- EDUCACIÓN MUSICAL

Os obxectivos do Proxecto Lector de Centro relacionados coa área de E.Musical son:

-Abordar a lectura de todo tipo de textos en calquera soporte: libros, revistas musicais, lectura en rede... de forma segura e o máis fluida posible.

-Comprender os textos lidos ou escoitados, traballándoos a través de preguntas sobre as ideas principais despois da lectura.

-Desenvolver a competencia comunicativa oral e escrita.

-Fomentar a lectura e desenvolver a competencia lectora.

-Apoiar a adquisición das competencias básicas.

As actividades da área de E.Musical previstas no Proxecto Lector de Centro son as seguintes:

-Busca de información en soporte dixital, impreso e audiovisual.

-Recollida de pezas musicais da tradición oral da contorna, favorecendo a comunicación interxeracional coas persoas maiores e establecendo un vínculo entre oralidade e expresión escrita.

-Elaboración de materiais escritos coa información recollida da tradición oral, contos, poemas... en formato impreso e dixital.

Para a comprensión e fomento da lectura e a escritura, dende a área de E.Musical tentaremos:

-Ler informacións en varios soportes coma libros de lectura, noticias xornalísticas, internet... sobre contidos musicais.

-Traballar a través de imaxes e contos distintos aspectos da música.

-Comunicarnos de maneira oral e escrita a través de varias linguaxes: a alfabética e a musical.

-Traballar a través de preguntas e diferentes actividades a comprensión lectora.

14.2- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Para 2º A

Dende a área de E.F. traballaremos o plan lector fundamentalmente dos seguintes xeitos:

- faremos varias sesións en cada trimestre (coincidinco con días de moi mal tempo atmosférico) na biblioteca do centro. Alí as actividades a desenvolver serán: lecturas individuais, lecturas colectivas, xogos de letras e palabras tanto individual como colectivamente, comprensión de pequenos textos lidos entre todos,...

- elaboraremos pequenos traballos de búsquedas bibliográficas, datos referentes a actividades deportivas concretas,...

- colaboraremos co Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística e co equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares na difusión de actividades relacionadas co uso e promoción da lingua, coa decoración e elaboración de carteis e murais para as festividades celebradas no centro....

- tamén realizaremos lecturas de contos, acontecementos deportivos, revistas, xornais... relacionadas cos contidos que nese momento se estean impartindo nas nosas sesións.

Para 2º B

Obxectivos propostos dende a área de educación física:

Realizar pequenas fichas en momentos puntuais antes-durante-despois da práctica.

Introducir vocabulario propio da área de educación física.

Traballar a lectura con textos e materiais a través dos contidos propios da área.

Facer búsquedas puntuais sobre datos como datas, lugares e nomes propios de interese.

Colaborar cos equipos de traballo do centro: Normalización Lingüística, Extraescolares-Complementarias e Biblioteca, na elaboración de materias para o logro das actividades programadas.

Exemplo de **Actividades** para o logro dos obxectivos:

Cumprimentar pequenas fichas relacionadas con exercicios e xogos propostos durante a clase.

Faremos varias sesións en cada trimestre (coincidinco con días de moi mal tempo atmosférico) na biblioteca do centro. Alí as actividades a desenvolver serán: lecturas individuais, lecturas colectivas,

xogos de letras e palabras tanto individual como colectivamente, comprensión de pequenos textos lidos entre todos,...

Elaboraremos pequenos traballos guiados de búsquedas bibliográficas, datos referentes a actividades deportivas concretas,...

Colaboraremos cos equipos de traballo, tales como, Dinamización e Normalización Lingüística e co equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares na difusión de actividades relacionadas co uso e promoción da lingua, coa decoración e elaboración de carteis e murais para as festividades celebradas no centro....

Tamén realizaremos lecturas de contos, acontecementos deportivos, revistas, xornais... relacionadas cos contidos que nese momento se estean impartindo nas nosas sesións.

Recursos necesarios para a elaboración do proxecto lector:

Fichas elaboradas específicas ao contexto de actividades motrices dos temas.

Libros de contidos propios da nosa área, localizados tanto no departamento como na biblioteca do centro.

Contos tradicionais para usar de maneira adaptada as nosas necesidades didácticas.

Revistas, xornais, prensa variada,...

Material audiovisual.

Material de papelería.

14.3- LINGUA EXTRANXEIRA. INGLÉS

A lectura na área de inglés está presente a diario, xa que sempre introdúcense nas unidades didácticas e trabállase ao longo delas con pequenas historias, cómics, cancións, rimas, vídeos e visitas a páxinas web. Tendo en conta o proxecto lector de centro o profesorado de lingua inglesa propón os seguintes obxectivos, actividades, recursos e avaliación.

OBXECTIVOS.

Escoitar e ler con axuda da mestra e de xeito comprensivo textos do libro de aula e libros de autor e actividades interactivas do CD-ROM das unidades.

Ordear viñetas sobre algunhas das lecturas feitas.

Memorizar pequenos textos dialogados, “chants” e “songs”.

Realizar pequenos diálogos escenificados.

Realizar actividades plásticas sobre as personaxes dos libros de autor.

Responder a preguntas con yes/no.

ACTIVIDADES.Actividades semanais:

- Lectura comprensiva de textos breves previamente traballados utilizando o libro da aula.
- Ordenar viñetas a través de fondos da biblioteca o fondos informáticos e audiovisuais.
- Memorización de pequenos textos dialogados usando o libro de aula, os fondos da biblioteca o ou audio.
- Memorización e recitado de chants e songs utilizando o libro de aula o fondos informáticos e audiovisuais.

Actividades quincenais:

- Diálogos escenificados empregando o libro de aula ou o audio.

Actividades Sistemáticas:

- Lectura de textos breves relacionados co tema actual usando o libro de aula ou o audio.
- Lectura, pronunciación e entoación empregando os fondos informáticos e audiovisuais.

A mestra de inglés - do primeiro ciclo de educación primaria- ademais das actividades propostas no proxecto lector fomentará a lectura de tres libros de autor para cada un dos niveis, distribuídos nos seguintes trimestres, as lecturas dos mesmos faranse puntualmente unha vez ao trimestre.

Primeiro trimestre:

- 2º Curso: “Nelly Paints a Monster”. Big Books. Pack 2. Oxford.

Segundo trimestre:

- 2º Curso: “Animals at the zoo”. Big Books. Pack 2. Oxford.

Terceiro trimestre:

- 2º Curso: “Three friends Sharinga shell”. Editorial Mcmilan

As actividades propostas para a animación a lectura do libros de autor son as seguintes:

Actividades previas á lectura:

Activar o coñecemento previo sobre o que se vai ler.

Establecer predicións sobre o texto

Fomentar as preguntas sobre o texto.

Actividades durante a lectura:

Realización de preguntas sobre o que se está a contar para manter a atención do alumnado.

Realización de xestos, utilizando TPR, para que o alumnado participe nas mesmas, ante a aparición de determinadas accións, etc.

Actividades para despois da lectura:

Elaboración dun debuxo que expoña o que se contou.

Creación con masa de modelaxe “plastilina” do protagonista do conto.

Responder a preguntas con yes/no.

RECURSOS

Recursos dixitais:

CD_ROM interactivo das unidades principais.

DVD's QUEST.

MacMillan Quest Website: <http://ace.mac-english.com/mqt/>

Libros de texto:

1º NIVEL

“QUEST 1. Pupil's Book” MacMillan

2º NIVEL

“QUEST 2. Pupil's Book”. MacMillan

Libros de autor:

- 2º Curso: “Nelly Paints a Monster”. Big Books. Pack 2. Oxford.
- 2º Curso: “Animals at the zoo”. Big Books. Pack 2. Oxford.
- 2º Curso: “Three friends Sharinga Shell”. Editoria Mcmilan.

AVALIACIÓN

Indicaremos si se levan a acabo todas as actividades propostas ou se producen modificacións.

Preguntaremos ao alumnado que tipo de actividades de despois da lectura lle resultaron máis interesantes e de non gustarlles preguntáselles se poden propoñer outras.

Dende a área de Relixión trataremos de contribuír ao proxecto lector cunha serie de actividades que van a formara parte da propia metodoloxía e perfectamente integradas na propia programación , en cada unha das unidades didácticas ou proxectos de traballo levados a cabo na aula.

Na medida en que a dispoñibilidade ou o tema a tratar nolo permita, realizaremos visitas á Biblioteca escolar para ler, buscar determinada información ou simplemente dar coñecer as diferenciar os libros das distintas seccións,mostrando onde se atopan os libros de relixión ou outro tipo de libros que nos pode aportar a información necesaria para o tema que estamos a traballar na aula , así mesmo ensinaremos observar a etiqueta que identifica a cada un dos libros , analizar os datos de cada etiqueta coa finalidade de que sepan desenvolverse na Biblioteca , sempre claro está, en acorde coas súa idade

Realización de actividades de aula na que se pida determinada información neste caso se animará os rapaces (na medida do posible) a que lles pidan as súas familias para visitar a biblioteca pública do concello o que pertencen (municipal de Lousame, municipal de Noia....)

Lectura silenciosa e individual de libros de diferente temática .

Descubrir que a Biblia e como unha gran Biblioteca con libros de diferentes temáticas, lendo e comparando

Realización e exposicións de debuxos ou traballos plásticos relacionados coas lecturas

Elaboración de contos

Dramatización das lectura

14.5. EDUCACIÓN PLÁSTICA

Os obxectivos propostos para o Plan lector son:

- Fomentar a lectura.
- Adquirir unha lectura fluida.

- Memorizar pequenas cancións.

As actividades que levaremos a cabo son:

- Memorización de cancións.
- Lectura e pronunciación de palabras relacionadas coas unidades.
- Unir imaxes con palabras.

Os recursos que imos empregar son:

- Prácticas orais.
- Fichas.

A avaliación farase tendo en conta os obxectivos propostos, se se cumpren ou non.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Algunhas das actividades realizadas na aula terán como obxectivo o fomento das novas tecnoloxías. A continuación fálase dos obxectivos que se pretenden acadar e dos contidos que nos axudarán a acadar eses obxectivos.

Obxectivos xerais.

- Usar metodoloxías que favorezan a aprendizaxe autónoma e crítica coa información.
- Abordar a incorporación das TIC á práctica docente cotiá.
- Utilizar distintos recursos tecnolóxicos para unha maior comprensión das áreas do currículo.

Contidos

- Acender e apagar o ordenador correctamente.
- Uso do rato: Usar de xeito correcto e cómodo.
- Uso do teclado: Iniciarse no uso do teclado con actividades lúdicas.
- Uso do Procesador de Textos.

- Uso de recursos interactivos para a aprendizaxe das distintas materias do currículo: usar programas sinxelos axeitados aos Obxectivos do Proxecto Curricular programas de lectoescritura, cálculo mental, operacións, xeometría e debuxo, quebracabezas...
- Uso de Internet para acceder a páxinas infantís de carácter educativo e lúdico.
- Utilización de encerado dixital como apoio a actividades de aula.

15.1- EDUCACIÓN MUSICAL

A incursión da tecnoloxía nas nosas vidas é tan intensa que provoca fortes modificacións nos nosos actos cotiáns domésticos. Moitos son os produtos tecnolóxicos que manexamos a diario e que posibilitan o acceso ao coñecemento da tecnoloxía en grande medida, polo menos a nivel de usuario.

A música é precisamente un contorno no que a tecnoloxía ten una presenza profunda. Hoxe en día non se entende o fenómeno musical sen estar vinculado dalgunha forma a un dispositivo tecnolóxico; a experiencia da música gravada constitúe en sí mesmo un proceso sumatorio de pasos, onde os avances tecnolóxicos van deixando a súa pegada.

A música depende de variados e cruciais elementos tecnolóxicos que lle permitan dende gravar a música, escoitala nun reproductor portátil, manipulala nun ordenador, distribuíla nun determinado soporte... xa que logo, resulta xustificoado que se achegue á educación dun músico o coñecemento destes aparellos tecnolóxicos, atendendo a unha necesidade social que fai da tecnoloxía un contexto habitual.

Así, atendendo ó Plan de Integración das TICs existente no centro e tendo en conta os recursos (TICs) cos que contamos na aula de música, fomentaranse as novas tecnoloxías da seguinte maneira:

-Traballaremos cos programas informáticos “Encore” e “Finale”, para reforzar a aprendizaxe das figuras musicais (negra, corchea e branca) e silencios (negra).

-Internet empregárase para a busca e ampliación de información sobre diferentes contidos da área: familias de instrumentos, compositores...

-Empregaremos os Cds de audio para traballar as audicións propostas e aprender as cancións que introducen cada unidade didáctica.

-Consultaremos varias páxinas web educativas para poñer en práctica os contidos aprendidos durante o curso.

-Empregaremos Internet para visionar en varias páxinas web videoclips de grupos musicais actuais.

-O proxector e máis a pantalla serán utilizados sempre que empreguemos o ordenador, para mellorar a visión dos alumnos/as, xa que as clases son bastante numerosas.

-Por último, empregaremos un blog de aula www.clavedesilva.blogspot.com no que lles colgarei actividades lúdicas en liña con autocorrección para repasar as unidades didácticas e outras noticias musicais que poidan resultar do interese do alumnado.

15.2- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

En canto ao proxecto relacionado coas novas tecnoloxías, dende a área de E.F. a nosa aportación será a seguinte:

- Acudiremos varias sesións en cada trimestre a aula de informática onde o alumnado irá realizando os xogos e propostas atopadas na páxina do Proyecto Ludos elaborada polo Ministerio de Educación ou outras páxinas que nese momento nos parezan oportunas en cada ciclo.

- Trataremos de que o alumnado manipule aparellos non comúns nas sesións de E.F. como son o vídeo (visionado dalgunha película, canción ou baile motriz), a videocámara ou cámara de fotos usadas de xeito puntual para a gravación dalgunha actividade,....

A asistencia a aula de informática será un pouco aleatoria por diversos motivos:

- compartimos aula de informática con Educación Secundaria co que o acceso a ela faise máis complexo
- tempo atmosférico, as veces impídenos a asistencia ao pavillón polideportivo porque non é posible o traslado e aproveitamos para ver a dispoñibilidade da aula de informática
- temos tamén que contar cos festivais de Nadal e Antroido que se celebran no ximnasio, co que un par de días antes coméncase ca súa decoración e acondicionamento, impedindo de algún modo a marcha das sesión da nosa área.

www.aulaclie.net, www.internetenlaula.es, www.cuadernosdepedagogia.com,
www.efdeportes.com, www.edusport.com

15.3- LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

TRIMESTRE	ACCIÓNS
1º TRIMESTRE.	CD_ROM interactivo das unidades principais. DVD's QUEST. MacMillan Quest Website: http://ace.mac-english.com/mqt/ Diccionario dixital: http://visual.merriam-webster.com
2º TRIMESTRE E 3ºTRIMESTRE.	CD_ROM interactivo das unidades principais. Uso do DVD's QUEST MacMillan Quest Website: http://ace.mac-english.com/mqt/ Uso de diccionario dixital: http://visual.merriam-webster.com Utilización do buscador Ggoogle.

15.4- RELIXIÓN CATÓLICA

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula nesta materia convértese nunha peza crave como ferramenta para recibir e transmitir información .

O obxectivo que se pretende alcanzar ao finalizar a escolarización obligatoria é a consecución por parte do alumnado de competencia digital.

Dende esta área se contribue ao plan TIC(tendo en conta os escasos materiais cos que contamos) a través das propias actividades de aula:

Desenvolvendo habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento

Manexando programas adaptados as características do alumnado.

Realizando xogos educativos, lectura e produción de contos en soporte dixital.

Proxección de documentales ou vídeos.

Búsqueda de información así como a comparación e a selección desta.

Consideramos as TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

15.5. EDUCACIÓN PLÁSTICA

Na sociedade na que vivimos diariamente se producen cambios sociais e tecnolóxicos. Esten cambios ocorren cada vez con maior velocidade. Por istas razóns vemos necesario e positivo para os alumnos e alumnas contar co maior número posible de ferramentas e recursos que lles permitan a súa formación integral como cidadáns do futuro.

Dende á área de plástica contribuiremos ao Plan TIC do seguinte xeito:

- Utilizaremos Internet como fonte de recursos para buscar información.
- Empregaremos Internet para visionar videos sobre obras plásticas e os seus autores.
- Utilizaremos a pizarra dixital para adquirir novos contidos.
- Utilizaranse diversas websites para buscar recursos para a aula.

16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Tendo en conta a importancia de potenciar a convivencia na escola, preténdese realizar un traballo sistemático, tanto nas horas de tutoría como en calquera momento que a situación o precise. As actividades que se leven a cabo estarán en coordinación coa Comisión de Convivencia do centro:

- Sesións de tutoría de cada aula.
- Actividades relacionadas coas conmemoracións que hai ao longo do ano, dereitos, deberes e lexislación (calendario escolar).
- Visitas a lugares relacionados co mercado na lexislación, posta en práctica ou execución de normativas, vixilancia... así como a preparación das mesmas.
- Aportar as pautas a seguir na resolución de conflitos.

16.1- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

O plan de convivencia ten como principio promover e desenvolver actuacións relativas ao fomento da convivencia, co que pretendemos desenvolver adecuadamente as relacións entre todos os componentes da nosa comunidade educativa. Por iso utilizaremos o plan de acción tutorial, reunión periódicas cos titores, equipo directivo, departamento de orientación, familias, delegados, etc, segundo proceda, entre outras acción para a súa divulgación e interiorización.

Por parte do alumnado existen de forma ocasional, comportamentos que poden alterar o desenvolvemento cotidiano das clases, non traballar, non prestar atención, non facer caso ás indicacións do mestre, non traer material deportivo, algunha disputa principalmente verbal entre compañeiros, etc., tendo todas elas unha solución pacífica.

16.2- LINGUA ESTARANXEIRA. INGLÉS

TEMPORALIZACIÓN	ACCIÓNS
1º TRIMESTRE	Traballar as normas de clase. Promover o traballo cooperativo.
2º TRIMESTRE.	Busca de información por parte do alumnado, coa axuda das familias e da maestra para a realización do traballo documental integrado de biblioteca.
3º TRIMESTRE	Realización dunha festa co equipo de biblioteca, o alumnado e familias que formaron parte do proxecto.

17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Dende o primeiro ciclo faremos aportacións ao proxecto lingüístico mediante distintas actividades:

- Participar coas actividades que organice o EDL.
- Celebración das diferentes datas conmemorativas do centro usando a lingua galega.
- Fomentar o coñecemento de xogos populares e contos, refráns e ditos tradicionais.
- Usar e aprender cancións en galego.
- Fomentar que os nenos usen o galego nas súas relacións persoais.

17.1- LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

O PLC é a resposta que da o centro á multiculturalidade presente na sociedade e ao reto do plurilingüismo ao que nos involucra a realidade nacional e europea. Dende a área de inglés asumimos a contribución que lle corresponde ao impulso da competencia lingüística, promovendo non só unicamente a lingua inglesa senón sabendo que o alumnado sabe do que se está a falar na súa lingua nai: o galego. Sempre que se necesita facer unha tradución simultánea faise en lingua galega, cumprindo coa lexislación vixente: *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*

ACCIÓNS

PERIODICIDADE

Traducións orais do inglés ao galego, sempre que existan dúbidas. Durante todo o curso.

17.2. EDUCACIÓN FÍSICA

O proxecto lingüístico está presente na programación en varios puntos:

Na aplicación do proxecto lector á materia nos momentos puntuais no desenrolo dos temas: explicacións orais e escritas, referencias informativas, utilización de noticias de periódicos, revistas, web,.. material que se utilizará así mesmo para traballar a competencia aprender a aprender e lingüística.

Participarase tamén naquelas actividades a nivel lúdico motriz na que se requira da nosa axuda: indiana o día das letras, xogos diversos, saídas,...

A contribución farase na medida requerida atendendo ás características do curso que se traballe, contemplando o nivel de plantexamento adecuado.

18. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍNDOS OS LIBROS DE TEXTO

Os recursos empregados na aula para as diferentes áreas serán: os libros de texto (Editorial Santillana “ Proxecto A Casa do Saber”) coas guías correspondentes, diferentes contos da biblioteca de aula, fichas de ampliación das distintas áreas, fichas de reforzo nos casos necesarios, cadernillos de ampliación, material audiovisual (C.D, vídeo, D.V.D). Tamén está programada algunha sesión na aula de informática e a asistencia á biblioteca do centro.

Este curso cada aula de primeiro ciclo dispón dun encerado dixital e un canón para poder realizar distintas actividades , fomentando o uso das TIC.

Outros materiais de aula son :

-Cadernos de fichas de ortografía, de cálculo e de problemas.

-
- Libros de lectura persoais dos alumnos.
 - Libros da biblioteca da aula.
 - Libros da biblioteca do centro.
 - Fichas elaboradas polas profesoras.
 - Diccionarios.
 - Xornais.
 - Revistas.
 - Vídeos, CDs, DVDs
 - Enciclopedias.
 - Ordenador da aula.
 - Programas educativos interactivos
 - Ademais destes, os recursos que se empregarán serán traballos manuais feitos na aula co fin de aprender creando.
 - Moedas e billetes de xoguete.
 - Cartolinas, tesoiras e rotuladores.
 - Xogos da aula.
 - Reloxo da aula.
 - Regra.
 - Plastilina.
 - Calendarios
 - En plástica, os recursos que se empregarán serán numerosos, variados e propios para realizar traballos manuais, como son: acuarelas, ceras brandas e duras, tesoiras, cartóns, periódicos, cola...

18.1- EDUCACIÓN MUSICAL

En canto aos recursos, citar a aula de música e todo o equipamento co que conta: instrumentos de percusión determinada e indeterminada, un piano, unha guitarra eléctrica, unha guitarra acústica, un baixo eléctrico, dous amplificadores, unha minicadena, un reproductor de vinilos, un ordenador e unha gran variedade de libros, vinilos e Cd's.

Partindo disto, é necesario que en todo momento se trate de educar no uso correcto dos materiais, fomentando o seu coidado e correcta distribución e recollida, e responsabilizando ós alumnos/as para estas tarefas na medida do posible. Terase moi en conta á hora da avaliación. Por iso, dende os primeiros días de clase intentarase afianzar as rutinas necesarias para unha correcta utilización dos materiais da aula.

Por outra banda, o material que se lle esixirá ao alumnado será unicamente un libro de texto:

2º CURSO: 2PRI MUSICA + CD OS CAMIÑOS, EQUIPO EDITORIAL, OBRADOIRO-SANTILLANA, 2011

18.2- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Os recursos espaciais son os elementos que conforman o propio centro coas súas instalación e o seu entorno.

Instalacións do centro: varias pistas descubertas que conforman o patio de recreo e unha aula de Educación Física.

Instalacións municipais do entorno: un polideportivo cuberto.

Recursos materiais: educaremos no uso correcto do material disponible, fomentando o seu coidado e correcta distribución e recollida, responsabilizando aos alumnos e alumnas para estas tarefas na medida do posible.

Material fixo: canastas, porterías, espaldeiras.

Material convencional: conos, aros, picas, balóns e pelotas de diferentes tipos, cordas, ladrillos de psicomotricidade, indiakas, discos voadores, bancos suecos, colchonetas, etc.

18.3- LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

Libros de texto:

Corbett, J and O' Farrell, R. (2011). Quest 2. UK: Macmillan Publishers Limited.

Recursos Multimedia:

DVD QUEST 2. UK: Macmillan Publishers Limited.

CD's QUEST 1 and 2. UK:Macmillan Publishers Limited.

Websites:

[Macmillan Quest Website](#)

[Buscador: GOOGLE](#)

Dicionarios:

<http://visual.merriam-webster.com> (diccionario visual en internet)

<http://sli.uvigo.es/CLIG/index.html> (diccionario bilingüe inglés-galego en internet)

18.4- RELIXIÓN CATÓLICA

- Textos diferentes
- Biblia
- Contos infantiles.

-
- Murais
 - Prensa.
 - Diferentes libros de consulta, de xeografía , arte etc...
 - Aula de informática (ordenadores, pizarra dixital...)
 - Ordenador de aula (programas informáticos)
 - Películas
 - DVD
 - Material funxible, lápices de cores, ceras, témperas, cartulinas, tixoiras.

18.5. EDUCACIÓN PLÁSTICA

Na área de plástica non se utiliza libro de texto. As unidades didácticas elaboraas a mestra.

Para a elaboración de ditas unidades basearemonos sobre todo en páxinas web:

- <http://www.youtube.com>
- <http://www.google.com>
- <http://www.oup.es>
- <http://pequeñosartistasgrandesobras.blogspot>.

Ademáis utilizaremos outros recursos como:

- Contos.
- DVDs.

Material funxible (cores, cartulinas...)

19 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O 2º curso de primaria ten previsto participar en todas actividades propostas polo centro, polo equipo de normalización lingüística, pola biblioteca, polo equipo de actividades extraescolares así coma polos diferentes departamentos.

Tamén se terán en conta as propostas do concello de Lousame e outros organismos, valorando se se participa nelas ou non.

No mes de outubro farase una reunión de ciclo para concretar a proposta de saídas que se farán neste curso: visita á escola de consumo, camiñatas polo contorno natural do concello e excursión de fin de curso.

19.1- EDUCACIÓN MUSICAL

As actividades complementarias e extraescolares propostas dende a área de E.Musical tratan de completar nalgúns casos o interese que algúns alumnos/as amosan, e noutros casos o que se pretende é que o grupo ao completo teña a posibilidade de asistir a algunha audición en directo ao longo do curso.

As actividades propostas son:

- Visita ao Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) ou a calquera sala de concertos.
- Asistir a algún espectáculo musical.
- Concertos didácticos de agrupacións musicais, tanto fóra como dentro do colexio.

19.2- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Para 2ºA

Ademáis de outras actividades extraescolares e complementarias coas que contará o centro, dende a núa área participaremos en algunha desas actividades complementarias como pode se o festival de Nadal ou o festival de Entroido, así como algunha específica da nos área por

exemplo algunha ruta de sendeirismo adecuada o primeiro ciclo de Educación Primaria, e sempre colaboraremos con saídas de calquera tipo que se oferten dende o centro.

Para 2º B

Dende a área de educación física fomentárase o gusto pola actividade física, o xogo no medio natural, a colaboración e participación activa, responsabilidade polas cousas ben feitas, divertimento,... que envolven as propostas de actividades complementarias e extraescolares que se propoñen ao longo do curso.

A modo de exemplo podemos citar a colaboración no festival de Nadal ou o festival de Entroido, así como algunha específica da nosa área, por exemplo, algunha ruta de sendeirismo adecuada o primeiro ciclo de Educación Primaria, e sempre colaboraremos con saídas de calquera tipo que se oferten dende o centro.

19.3- LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

Contribuír coas propostas do equipo de actividades extraescolares, de biblioteca e de dinamización lingüística nas celebracións das conmemoracións oficiais.

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Igualmente hai que establecer instrumentos que permitan valorar a eficacia da propia proposta pedagóxica.

Para aplicar a avaliación faremos una revisión trimestral dos seguintes elementos curriculares que necesitaremos comprobar:

- Obxectivos
- Contidos
- Metodoloxía
- Actividades ou proxectos que se realicen no centro.

-
- Criterios de avaliación.
 - O contexto do centro: se todo o anterior se corresponde ao contexto do centro e este se modifica, terán que modificarse tamén os seus elementos anteriores.

Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

A avaliación de ambas cuestións atenderá a estes aspectos:

- Organización e coordinación do equipo docente.
- Planificación das tarefas: Dotación de medios e tempos e distribución dos mesmos.
- Selección do modo de elaboración.
- Participación: Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os alumnos, e entre os alumnos e os profesores.

Avaliación das programacións de aula

Para levar a cabo a avaliación da programación prevista para o curso, teranse en conta diversas cuestións:

- Desenvolvemento en clase da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

Os resultados desta avaliación deberán ser incluídos na Memoria Final de curso, co obxectivo de que nos sirva como base para a revisión dos devanditos documentos na Programación Anual do curso seguinte e realizar o cambios e modificacións oportunas.

20.1- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Para 2º A

Non debemos esquecer que o final de cada clase, na análise de resultados, durante a volta a calma, os alumnos-as poderán opinar acerca de certos aspectos da nosa acción docente, información que nos é moi válida para comezar a avaliación da nosa propia labor, e facer así os reajustes necesarios.

Empregaremos tamén as reunións con outros mestres para reflexionar sobre a nosa propia programación, así coma as propias reunións de avaliación.

Para 2º B

O núcleo da clase de educación física é o movemento, o constante cambio tanto de instalacións coma de organizacións do alumnado, cambios de material, traslados, aseos,... o movemento predomina tódolos días, polo tanto, é moito máis fácil que xurdan interrupcións que paralicen as clases, paróns de actividade para volver explicar, axudar, compartir material, o final de cada clase a análise de resultados, durante a volta a calma, os alumnos-as poderán opinar acerca de certos aspectos da nosa acción docente ... situacións que hai que ter en conta na avaliación da programación para solucionar ou prantexar doutra maneira, se fose o caso, para mellorar o traballo dos contidos e así alcanzar os obxectivos didácticos e de etapa propostos.

Empregaremos tamén as reunións con outros mestres para reflexionar sobre a nosa propia programación, así coma as propias reunións de avaliación.

20.2- LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

INDICADORES

SI NON

Os criterios de avaliación de ciclo relaciónanse con determinadas competencias básicas.

As actividades propostas contribúen á consecución dalgunhas das competencias básicas.

Promóvese o uso das TIC.

As estratexias metodolóxicas propostas fomentan o principio de inclusividade.

As actividades do plan de reforzo e recuperación resultan atractivas para o ANEAE.

Promóvese a lectura en lingua inglesa.

Promóvese o uso da lingua galega para resolver as dúbidas con respecto á lingua estranxeira.

A mestra promove un axeitado proceso de ensino-aprendizaxe co seu alumnado

DIRECTRICES DA CCP QUE SE TEÑEN EN CONTA NESTA PROGRAMACIÓN

Para realizar o traballo de planificación das programacións, a Comisión de Coordinación Pedagóxica da instrucións do esquema a seguir dacordo co esixido pola inspección educativa para a elaboración das programacións de ciclo e as programacións de tarefas e actividades por nivel ou grupo clase.

Estas directrices teñen por finalidade coordinar os traballos de planificación do curso académico 2014-2015 lémbrense entre outras as seguintes liñas de actuación do centro:

O Proxecto Documental Integrado proposto polo equipo de biblioteca este curso o tema elixido é “Alma de Beiramar”

Contrato- Programa consensuado no claustro educativo e pendente de aprobación pola Administración Educativa.

Garantir a unidade e coherencia das ensinanzas que as/os distintas/os mestras/es da área imparten en un mesmo nivel asegurando que a súa práctica educativa se sustente nos principios educativos comúns por cada área.

Establécese o calendario de reunións dos equipos de ciclo de educación primaria para os martes. Os mestres que imparten clase en segundo curso reuniranse o segundo martes de cada mes as 5:30. Cando este cadre en festivo celebrárase o día seguinte.

21.1- LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

Na programación da área de lingua inglesa -ademais do guión proporcionado polo equipo directivo para realizar as programacións ao solicitado por inspección educativa- tívose en conta as directrices da comisión de coordinación pedagóxica de converter a biblioteca escolar nun espazo referente da vida diaria do centro. Na programación, do primeiro ciclo de primaria da área de lingua inglesa, contribuírase ao desenvolvemento do Proxecto Documental Integrado da Biblioteca "Paulhan-Lousame: facendo e refacendo o camiño", coa realización dunha busca de información sobre as comidas típicas do Camiño Francés que se iniciará no segundo trimestre por parte do alumnado, familias e mestra de inglés. E no terceiro trimestre -e sempre que sexa viable e coa axuda do equipo de biblioteca-fomentarase a convivencia da comunidade educativa realizando unha festa coas comidas típicas do camiño que foron traballadas previamente polas familias e o alumnado implicado no proxecto.

MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR

Baseándonos nas dificultades atopadas o curso anterior propóñense ter en conta para o presente curso as seguintes medidas:

- Prestaremos especial atención ao desenvolvemento da competencia lingüística, xa que é a que máis dificultades ten para o alumnado, sobre todo ao relativo á comprensión lectora.
- Valorarase a modalidade do apoio según as necesidades do alumnado.
- Valórase a necesidade de prestar maior atención á lóxica matemática, como base para o asentamento das aprendizaxes deste área, facilitando a súa xeneralización á vida cotiá. Adicarase un tempo diario á práctica do cálculo mental e ao razoamento lóxico moi básico.
- Propónse adicar un tempo determinado (según valoración do mestre ou das situacións que se presenten) a sesións para desenvolver habilidades sociais e emocionais que

axuden tamén á prevención destes conflitos. Solicitarase colaboración mediante pautas e protocolos de actuación ao Departamento de Orientación do centro.

Para o presente curso 2014-2015 como aspectos organizativos propoñemos diferentes flexibilizacións dos reforzos:

- No tempo do proxecto lector reforzarase por parte doutro mestre a aqueles nenos e nenas que teñen máis dificultades para a lectura e precisen unha atención máis individualizada.
- Reforzo como desdobre dos grupos. Impartirásese a mesma materia que ao gran grupo pero por grupos reducidos de alumnos, o que implica unha atención máis individualizada.

22.1- LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

Na área de lingua inglesa, tendo en conta os datos proporcionados na memoria do curso 2014-15 propuxéronse posíbeis solucións aos problemas atopados á hora de mellorar a calidade do proceso de ensino-aprendizaxe.

PROBLEMA	SOLUCIÓN POSIBLES
Ordenadores conxelados.	<p>Que nos ordenadores se instale un sistema libre, como por exemplo LINUX. A finalide da súa instalación:</p> <p>a) poder almacenar cartafoles cos personaxe favoritos do alumnado e os enderezos web sen ter que levar todo nun “pendrive”.</p> <p>b) Evitar que se reinicien os equipos mentres se utilizan na práctica educativa.</p>
Imposibilidade de facer un libro dixital sobre as comidas do Camiño Francés	<p>Necesidade de dispor de máis tempo para poder realizar a pertinente actividade LIM. Ou simplemente non propor este tipo de actividades que supoñen moitas</p>

PROBLEMA

para o segundo trimestre.

SOLUCIÓNS POSIBLES

horas extras.

CUMPRIMENTO CO ESTABLECIDO NO CURRÍCULO DO CICLO

Para establecer os obxectivos, contidos e criterios de avaliación desta programación tivemos como referencia o establecido pola Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación (LOE), e no caso de Galicia o Decreto 130/2007 do 28 de xuño polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso concreto do noso centro baseámonos tamén no documento de Concreción Curricular do 1º Ciclo de E. Primaria, revisado o curso pasado.

ANEXOS

2.- PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS DE 2ºB

Titora: Mº Elena Nieto Vilouta

1.- A AULA E O ALUMNADO

Elaborase a presente programación para o **segundo curso** do primeiro ciclo de educación primaria, grupo B. Esta aula consta de 16 alumnos, que xa compartiron grupo o ano anterior, agás dos alumnos que non promocionaron o curso pasado.

Dito alumnado atópase próximo a etapa das Operacións Concretas (dos 7 aos 11 anos) onde os procesos de razoamento vólvense lóxicos e poden aplicarse a problemas concretos ou reais ademais de converterse o neno nun ser social.

Concretamente neste primeiro ciclo educativo de primaria, o alumnado, caracterízase por ter un pensamento intuitivo e concreto, sincrético e regulador, por presentar dificultades para pensar en ausencia de obxectos e a non existencia polo momento do concepto de reversibilidade. Dito alumnado irá obtendo unha crecente capacidade de abstracción a medida que van accedendo aos seguintes ciclos educativos.

En canto ós recursos materiais dispoñibles na mesma, atopamos: un ordenador, pizarra dixital, distintos materiais didácticos (moedas, posters, cintas métricas, regras, CD de audio...), xogos, libros de texto, unha biblioteca con diferentes coleccións de libros ...

2.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE (ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO)

O longo do curso tomaremos sempre que sexan necesarias **medidas de atención a diversidade**. A primeira medida será o reforzo educativo adaptando os recursos e a metodoloxías as características do alumno e as súas necesidades, que serán avaliadas de xeito individualizado. Se estas medidas ordinarias non foran suficientes, a través do departamento de orientación requiriríase a intervención dos mestres especialistas de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe, así como os reforzos realizados polos compañeiros . Prestarase unha especial atención a detección de necesidades

educativas na lectoescritura e no cálculo e resolución de problemas, participando no contrato programa do centro que ten como fin atallar as dificultades neste campo.

Prestarase importancia a realización dunha avaliación inicial para determinar os coñecementos e as necesidades dos alumnos repetidores así como dos demais alumnos e que permita establecer cal é o mellor punto de partida do curso.

As **medidas ordinarias** que se tomaran como atención a diversidade son:

- Adoptar medidas de organización de aula que se consideren as mais oportunas para dar resposta as necesidades, como pode ser potenciar o traballo con grupos heteroxéneos en capacidades e intereses, ou a titoría entre iguais.
- Metodoloxía adaptada os métodos de aprendizaxe do alumno Adaptala secuenciación e ritmo de introdución dos contidos a traballar.
 - Axustar o tempo das actividades
 - Adaptación dos recursos
 - Atención individualizada.
 - Organizar os espazos e os materiais mais oportunos para facilitar o desenvolvemento das súas capacidades
 - Actividades de reforzo de contidos
 - Actividades de ampliación de contidos

3.- METODOLOXÍA

Traballarase no desenvolvemento dunha metodoloxía que busque a consecución do aprendizaxe significativo, establecendo relacións entre os coñecementos previos e os novos coñecementos do alumnado, que se lle presentan producindo unha modificación nos esquemas de coñecementos preexistentes para evolucionar cara estruturas cada vez mais elaboradas e complexas. Isto implica detectar os coñecementos previos dos alumnos e plantexar situacións que non estean moi alonxadas nin excesivamente preto das súas experiencias para provocar o conflito cognitivo.

Para conseguir isto tamén é importante traballar desde unha perspectiva globalizadora, tratando os contidos de forma global, interrelacionando os distintos ámbitos ou áreas de experiencia que forman o currículo. As actividades serán activas fomentando que o alumnado participen e sexan protagonistas do seu propio aprendizaxe.

Nas linguas traballarese na área de galego dun xeito diferente sen a utilización dun libro de texto a través dun traballo máis significativo, e próximo os intereses do alumnado que busque o alcance do anteriormente dito a través de actividades significativas e reais.

En coherencia co dito, o alumno e a alumna iniciarán as súas aprendizaxes matemáticas dunha forma intuitiva e manipulativa, a través de situacións próximas ás súas vivencias, intereses e capacidades; para ir pasando progresivamente ata o máis simbólico, abstracto e formal. É importante que os alumnos e as alumnas desenvolvan unha actitude positiva cara as matemáticas, para iso será fundamental que valoren e comprendan a súa utilidade social.

Traballarase tanto de maneira individual co obxectivo de potenciar o traballo autónomo e independente así como a importancia da presentación de traballos limpos, claros e ben organizados, pero a súa vez farase fincapé no traballo cooperativo a través do pequeno grupo e o gran grupo onde poderanse realizar tarefas de recollida de información ou a realización de gráficos e táboas sinxelas.

O longo do cursos utilizaranse as **Tic** , en especial o encerado dixital dun xeito integrador en tódalas áreas de coñecemento e atendendo a consecución das competencias básicas do tratamento da información e a competencia dixital .

4.- AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

Tendo en conta a metodoloxía espoto, o alumnado realizará actividades tanto de carácter individual, en parellas, e en pequeno e gran grupo. Debido as limitacións espacias e de materiais, posto que as mesas das que dispoñemos sos doubles, a clase estará organizada nun primeiro momento en parellas, isto non quere decir que se non funciona este tipo de

agrupamento non se poda tomar a decisión de variarlo, ou ben colocando as mesas en forma de U, ou ben facendo pequenos grupos.

5.- MATERIAIS

Para levar a cabo esta programación utilizaranse estes materiais mais aqueles que o longo do curso vaian xurdindo: Materiais Impresos (libros de texto; libros de literatura infantil; fotocopias sobre diversos contidos educativos tratados nas unidades didácticas, periódicos, revistas...), taboleiros didácticos (encerado, murais...), xogos (quebracabezas, sopas de letras, ábacos, euros...), contos multimedia, e material funxible (ceras, goma, lápiz...). Ordenador e encerado dixital así como diversos programas informáticos, páxinas web, televisión, cd's, videos, etc

6.- AVALIACIÓN

Comezarase realizando unha **avaliación inicial** para poder descubrir os coñecementos previos dos alumnos/ as co fin de asustar a proposta pedagóxica plantexada ás características e necesidades dos nenos/ as, tamén disñaremos actividades de ensino- aprendizaxe que permitan a **avaliación continua** (entendida por aquela que se leva a cabo ó longo de todo o proceso e que permite introducir os cambios e modificacións que se consideren necesarios). Nesta avaliación será fundamental tanto a observación coma a análise dos traballos realizados polos nenos/ as ; e por último unha **avaliación final** que permite poñer de manifesto os logros alcanzados polos alumnos/as.

Os **instrumentos de avaliación** a utilizar con maior frecuencia son o diario de clase, rexistro da observación e avaliación inicial, entrevista coas nais e pais, follas e probas de avaliación continua, informe anual de avaliación, avaliación final de etapa, informe á familia, etc.

Pero non se pode olvidar a importancia da **evaluación da propia práctica docente, como un medio para mellorar o noso traballo, e coa finalidade de adaptación as necesidades do alumnado**

7.- EDUCACIÓN EN VALORES

Os valores que se tratarán interdisciplinarmente ao longo do curso serán os seguintes:

- Educación Moral e Cívica: dende a propia práctica educativa, axudarase a promover actitudes de tolerancia e respecto a través de actividades que fomenten a reflexión e a diversidade de puntos de vista entre o alumnado. Do mesmo xeito, o feito de levar a cabo unha metodoloxía onde se desenvolva non só a persoa a nivel individual senón en relación co grupo-clase, da lugar a que se xeren actitudes de colaboración e coordinación nesas pequenas comunidades de aprendizaxe.
- Educación para a Paz: preténdese que o alumnado adquira actitudes que favorezan a resolución pacífica de conflitos entre o mesmo e tamén cara a realidade social. De igual modo, como acontecemento significativo, traballarase o Día da Paz co alumnado, sen que isto supoña o tratamento exclusivo destes contidos neste día, senón que será no día a día da clase, é dicir, na convivencia entre o alumnado onde se adquiren ditos valores e actitudes.
- Educación para a saúde e a calidade de vida: dende a práctica educativa, búscase que o alumnado sexa consciente da necesidade do coidado da súa saúde, o que levará unha determinada calidade de vida. Así, a través dos contidos tratados a través de diversas unidades didácticas como os deportes, o corpo humanos, os sentidos, ... traballaranse os hábitos de vida saudables e os coidados do corpo humano.
- Educación para a Igualdade de Oportunidades entre sexos: no desenvolvemento da programación procurárase o non tratamento diferenciado entre os alumnos e as alumnas á hora de deseñar as actividades. De igual modo, pretenderase que o alumnado adquira actitudes e valores de non discriminación por razón de sexos, e a necesidade de igualdade no tratamento de determinados aspectos e contidos.

Así, por exemplo, respecto á Unidade didáctica 5, que trata a familia, non se establecerán diferenzas na realización das tarefas domésticas segundo o sexo da persoa.

- Educación para o Ocio: búscase que o alumnado saiba desenvolver a capacidade de aproveitar o tempo de lecer en actividades que fomenten o desenvolvemento persoal.
- Educación Ambiental: durante o desenvolvemento da programación traballarase aspectos relacionados co contorno e o coidado do mesmo, potenciando no alumnado o respecto pola natureza. Ademais, afondarase en conceptos como a contaminación, a reciclaxe,... e os procedementos e actitudes que se necesitan para afrontar responsabilidades cara o coidado medio ambiente.
- Educación Sexual: preténdese que o alumnado coñeza e aprecie os aspectos biolóxicos, emocionais e sociais da sexualidade, así como os papeis sexuais femininos e masculinos no exercicio da sexualidade como unha actividade de plena comunicación entre as persoas.
- Educación Viaria: directamente relacionada con este contido transversal por tratar a seguridade viaria (sinais de tráfico e normas de circulación para os peóns)
- Educación para o Consumidor: dende a práctica docente procurarse que o alumnado adquira a capacidade de emitir xuízos críticos sobre a información que pode atopar non só nos medios de comunicación (televisión, radio, internet, ...) se non tamén aquela que se expón dende a realidade máis próxima.

Dende as propias áreas, débese fomentar ditos valores, de aí a idea fundamental de interdisciplinabilidade que se debe dar da relación entre todas as áreas e materias curriculares. Polo tanto, con dita interdisciplinabilidade preténdese que o alumnado non cree na súa mente compartimentos estancos, senón que saiba relacionar o traballado nas diferentes materias e atope unha aplicación das aprendizaxes alcanzadas na vida diaria.

8.- PLAN LECTOR

Tendo como base de actuación o PLC o actual proxecto lector co obxectivo de impulsar actividades orientadas ao fomento da lectura e a comprensión lectora prevista nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, así como nas competencias básicas correspondentes a cada unha das áreas do currículo.

Obxectivos do proxecto lector

Os obxectivos a conseguir serán:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- Usar a biblioteca como fonte de pracer.
- Estimular pequenas producciones escritas útiles que sexan o resultado dunha lectura agradable e divertida.

Temporalización das actividades segundo o PLC

Estas actividades non se realizarán soamente nas áreas de lingua galega e literatura ou na área de lingua castelá e literatura, senón a través de actividades en todas as áreas,

nas que se adicará un 25 minutos diarios (25 min) o fomento deste plan, como está estipulado no horario escolar.

Actividades

As actividades de **fomento da lectura** iran encamiñadas a traballar en catro áreas e sempre estarán adaptadas as carecterisca e necesidades do alumnado, así como a súa evolución na aprendizaxe do código lectoescritor, pero sempre entendendo que a lectura e a escritura trabállanse conxuntamente.

▪ Fomento da lectura, a través:

- Lectura silenciosa e individual de textos informativos, e de ficción
- Lectura con fluidez e ca entonación adecuadas
- Lectura en voz alta
- Lectura compartida
- Prestamo de libros
- Uso responsable da biblbioteca tato da biblioteca da aula como do centro
- Responsabilizarse do préstamo dos libros da biblioteca da aula, sendo eles que fan o rexistro dos prestamos.
- Puntuacion en clase dos mellores libros da biblioteca da aula, elaborando gráficos...

▪ Fomento da escritura a través de

- Enriquecer o vocabulário e reforzar a ortografía con actividaes do tipo de: letras desordenadas, reconstrución de textos, invención de palabras, derivación de palabras, sopa de letras, crucigramas sinxelos (Adecuados as suas características e capacidades)
- Inventar unha historia a partir dunha palabra dada
- Elaborar textos coherentes e correctos nas distintas áreas do currículo
- Inventar por parte da clase dunha historia. Deberán decidir de maneira consensuada os personaxes, as situacións e os diálogos para despois crear un conto conxunto e ilustralos ou ben elaborar un comic.
- Ilustrar os bocadiños dunha historia inventada, ou dunha debuxo ou gráfico
- Creación de carteis publicitarios, traballando o linguaxe directo e o linguaxe gráfico

-
- **Desenvolvemento da comprensión lectora a través de**
 - Responder a preguntas sinxelas sobre o lido.
 - Dramatización de algunha escena do libro.
 - Escoller o personaxe que mais lles gustou e describilo .
 - Realizar un debuxo relacionado co lido

 - **Desenvolvemento da expresión oral, a través de**
 - Recitado de poemas
 - Resumen oral de contos
 - Posta en escena dunha obra teatral
 - Recitar trabalinguas chistes, adiviñas
 - Narrará en voz alta duna película
 - Debatir sobre un tema de actualidade con apoio de prensa escrita relacionada co tema.

9.- UNIDADES DIDÁCTICAS

Esta programación de aula está composta polas programacións didácticas das diferentes áreas: Coñecemento do medio, Matemáticas, Artística (Plástica), Lingua Galega e Lingua Castelá.

Cada unha destas áreas está programada en 15 unidades didácticas que constan todas

1.- Obxectivos

2.- Contidos temporalizados

3.-Competencias básicas

4.- Criterios de avaliación

5.- Actividades

9.1.- Coñecemento do Medio

UNIDADE 1: O NOSO CORPO

OBXECTIVOS

1. Comprender como son e para que serven os ósos, as articulacións, os músculos e os tendóns.
2. Localizar as articulacións e comprender a súa relación co movemento do corpo.
3. Identificar algúns ósos e músculos e relacionalos con distintos movementos do corpo.
4. Identificar que partes do corpo interveñen na respiración.
5. Saber como se leva a cabo unha correcta respiración.
6. Ler comprensivamente textos expositivos.
7. Recoñecer as calidades positivas de un mesmo e aceptar a todas as persoas sen distinción.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS

1.^a quincena de outubro.

- Os ósos e as articulacións.
- Os músculos e os tendóns.
- A respiración.
- Observación e obtención de información a partir de fotografías e ilustracións.
- Interpretación dunha secuencia ilustrada.
- Elaboración de clasificacións en forma de esquema.

- Interese por coñecer como é e como funciona o corpo humano.
- Gusto pola práctica de actividades físicas e deportivas.
- Fomento da autoestima e do respecto polos outros.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencias básicas	Descritores	Desempeños
Coñecemento e interacción co mundo físico	Coñecer os avances históricos máis significativos da ciencia.	Nomea avances científicos importantes para a saúde.
Comunicación lingüística	Expresarse oralmente de forma organizada sobre feitos e vivencias.	Realiza unha breve exposición oral con seguridade.
Matemática	Resolver eficazmente problemas e expresar de forma correcta os pasos seguidos .	Verbaliza os pasos seguidos na resolución dun problema.
Tratamento da información e competencia dixital	Coñecer e actualizar o uso das novas tecnoloxías no seu traballo.	Usa un buscador de internet para obter información.
Cultural e artística	Utilizar diferentes linguaxes artísticas nos traballos.	Expresa coñecementos a través de diferentes medios.
Social e cidadá	Practicar o diálogo para resolver conflitos.	Dialoga cos seus compañeiros para chegar a acordos.
Autonomía e iniciativa persoal	Identificar e utilizar para o ben do grupo as carencias e aptitudes dos seus membros.	Colabora nun reparto de tarefas segundo as capacidades dos compañeiros.
Para aprender a aprender	Identificar e traballar algúns estilos de aprendizaxe.	Identifica como aprender mellor unha tarefa.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Sabe que son e para que serven os ósos, as articulaci3ns, os m3sculos e os tend3ns.
- Identifica en si mesmo e nos outros que articulaci3ns permiten dobrar o corpo e que m3sculos se activan ao realizar certos movementos e actividades coti3as.
- Entende que respirar 3 necesario para a vida e explica como se leva a cabo a respiraci3n, nomeando os 3rganos que interveñen nela.
- Valora e desenvolve de forma aut3noma pr3cticas saudables para o coidado do corpo.

ACTIVIDADES

Realizar crebacabezas do corpo human

Identificar e unir partes do porco

Sialar partes do corpo en compaÑeiros

Describir partes do corpo

Explicar que funcionalidade tñen as artculaci3ns

Identificar m3sculos

Explicar a respiraci3n

Clasificar articulaci3n, m3sculos...

Facer mural das partes do corpo

UNIDADE 2: A ALIMENTACIÓN

OBXECTIVOS

1. Comprender a importancia da alimentaci3n para vivir.

-
2. Saber como pasan os alimentos da boca ao estómago e identificar os órganos do corpo que interveñen ao comer.
 3. Distinguir os distintos tipos de dentes segundo a súa función.
 4. Clasificar os alimentos nos seus grupos correspondentes.
 5. Coñecer que beneficios para o organismo achega cada grupo de alimentos.
 6. Adquirir hábitos de alimentación saudables.
 7. Adquirir hábitos de hixiene no consumo de alimentos.
 8. Interpretar correctamente a etiqueta dun produto envasado.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS

2.^a quincena de outubro.

- Por que necesitamos comer.
- Partes do corpo que interveñen no proceso da alimentación.
- Os dentes.
- Os grupos de alimentos.
- A alimentación sa.
- Obtención de información a partir de fotografías, debuxos e esquemas.
- Clasificación dos alimentos en grupos.
- Interpretación de etiquetas de alimentos envasados.
- Interese por coñecer as partes do corpo que interveñen na alimentación.
- Interese por coñecer as propiedades dos distintos alimentos.
- Valoración positiva da alimentación saudable.
- Adquisición de hábitos de hixiene no consumo de alimentos.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencias básicas	Descritores	Desempeños
Coñecemento e interacción co mundo físico	Apreciar a alimentación equilibrada, o exercicio físico e o descanso para manter a saúde.	Recoñece a importancia dunha dieta variada.
